Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 09/01/2024 10:30:09
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 142

Sesión plenaria
11 de outubro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto único.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 59922, 11/DEBA-000002)

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás once e seis minutos da mañá.

O señor presidente comunica as ausencias á sesión e, antes de entrar na orde do día, convida as persoas presentes na Cámara a gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas mortais do incendio rexistrado a pasada noite en Vigo. (Páx. 6.)

Deseguido retómase a orde do día.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Continuación.)

Debate e votación das propostas de resolución

O señor presidente explica o desenvolvemento desta parte do debate segundo o acordo tomado na sesión da Mesa e Xunta de Portavoces. (Páx. 6.)

A secretaria da Mesa, dona Corina Porro Martínez, procede a ler o acordo sobre as propostas de resolución admitidas e a forma en que se agrupan para a súa votación. (Páx. 7.)

Debate das propostas de resolución

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 8.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 15.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 22.)

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse respecto das propostas dos demais grupos: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 31.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 35.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 39.)

Votación das propostas de resolución

A señora Presas Bergantiños (BNG) pide a palabra e intervén para advertir de dous erros nas agrupacións de propostas. A continuación mantén co presidente un diálogo para aclarar os termos da votación destas resolucións. (Páx. 43.)

Votación das propostas de resolución transaccionadas

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 34 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 6 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 34 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e a número 15 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 3 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e a número 2 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 35 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 8 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 60 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións.* (Páx. 46.)

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 26 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 13 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 55 votos a favor, 18 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 2 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobado por 55 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. dos Socialistas de Galicia

Votación da proposta de resolución número 18 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 13 votos a favor, 42 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 48.)

Votación das propostas de resolución 3, 16, 27 e 29 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 13 votos a favor, 42 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 48.)

Votación das propostas de resolución números 1, da 4 á 15, 17, da 19 á 26, 28, e da 30 á 40 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Votación das propostas de resolución números 12, 29 e 30 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 18 votos a favor, 42 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 49.)

Votación das propostas de resolución números 1, 18, 19, 26, 28 e 40 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 18 votos a favor, 55 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das propostas de resolución números 2, da 4 á 11, da 13 á 17, da 21 á 25, 27, da 31 á 33, e da 35 á 39 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 31 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

Votación da proposta de resolución número 20 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 31 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. Popular de Galicia

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación das propostas de resolución números 9 e 23 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 42 votos a favor, ningún en contra e 31 abstencións.* (Páx. 50.)

A señora vicepresidenta segunda da Mesa, señora Prado Cores, interrompe ao señor presidente para facer unha aclaración sobre a seguinte votación. (Páx. 50.)

Votación da proposta de resolución número 29 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 60 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións.* (Páx. 51.)

Votación da proposta de resolución número 12 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 60 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións.* (Páx. 51.)

Votación das propostas de resolución números 20 e 25 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 42 votos a favor, 13 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 52.)

Votación das propostas de resolución números 30 e 31 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 42 votos a favor, 18 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 52.)

Votación das propostas de resolución números 3, 5, 16, 17 e 22 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 55 votos a favor, 18 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación das propostas de resolución números 7, 11, 19, 33 e 38 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 55 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións.* (Páx. 52.)

Votación das propostas de resolución números 10, 14, 32, 36, 37 e 39 do G. P. Popular de Galicia*: aprobadas por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Votación das propostas de resolución números 1, 4, 18, 21, 24, 27 e 28 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 42 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Remata a sesión á unha e cincuenta e dous minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás once e seis minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión.

Xustifican a súa inasistencia o deputado don Luis Manuel Álvarez Martínez e, consecuente tamén ao que xa anunciei o outro día, o señor Fernández Alfonzo.

E, antes de entrar na orde do día, convido a todas as súas señorías, e tamén os invitados que hoxe nos acompañan na tribuna de invitados, a gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas mortais do incendio rexistrado na pasada noite en Vigo. Todo o noso apoio e afecto tamén ás súas familias e desexándolles unha pronta recuperación aos feridos como consecuencia deste incendio. A verdade é que é unha desgraza que entristece moito a nosa Comunidade.

Imos gardar un minuto de silencio.

(O Pleno da Cámara e as persoas invitadas á sesión gardan un minuto de silencio.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

Continuamos coa orde do día.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Continuación.)

Debate e votación das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Farémolo de acordo coa sesión que se celebrou na Mesa e Xunta de Portavoces o día 3 de outubro, na que se acordou como se desenvolverá esta sesión.

Primeiro, anuncio da agrupación e votación separada das propostas de resolución para a votación, conforme a información recibida dos grupos parlamentarios. Logo, unha rolda de intervención dos portavoces dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global de todas as súas propostas de resolución, por un tempo de trinta minutos por grupo parlamentario; unha rolda de fixación de posición dos grupos parlamentarios en relación coas propostas dos outros grupos, por un tempo de dez minutos por grupo parlamentario; e, por último, votación das propostas de resolución.

Ímoslle conceder a palabra á secretaria da Cámara para que dea lectura do acordo da Mesa sobre as propostas de resolución admitidas pola Mesa e a súa agrupación para as votacións.

Polo tanto, cando queira, señora secretaria.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora SECRETARIA (Porro Martínez): A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 10 de outubro de 2023, cualificou as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na sesión do 11 de outubro examináronse as propostas de transacción e as peticións de votacións separadas de propostas de resolución e adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro. Tomar coñecemento das propostas de transacción e das peticións de votacións separadas seguintes. Propostas de resolución transaccionadas: (doc. núm. 61098) proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 34 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; (61099) proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 6 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; (61102) resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista-PSOE verbo da proposta de resolución número 34 do Bloque Nacionalista Galego coa 15 do Partido Popular; (61103) proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución 3 do Bloque Nacionalista Galego coa 2 do Partido Popular; (61104) proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución 35 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; (61105) proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 8 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; (61111) proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución 26 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; (61112) proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 13 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; (61113) proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 2 do Partido Socialista de Galicia.

Solicitudes de agrupación, votacións separadas das propostas de resolución: (61110) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, proposta de resolución número 18; proposta de resolución números 3, 16, 27, 29; proposta de resolución número 1, da 4 á 15, 17, da 19 á 26, 28, da 30 á 40; (61108) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, propostas de resolución 12, da 29 á 30; propostas de resolución 1, 18, 19, 26, 28 e 40; propostas de resolución números 2, da 4 á 11, da 13 á 17, da 20 á 25, 27, da 31 á 33, da 35 á 39; (61107) Grupo Parlamentario Popular de Galicia, proposta de resolución número 40; propostas de resolución 9, 23; propostas de resolución 12, 29; propostas de resolución 20, 25; propostas de resolución números da 30 á 31; propostas de resolución números 3, 5, 16 e 17, 20 e 22; propostas de resolución 7, 11, 19, 33, 38; propostas de resolución números 10, 14, 32, da 36 á 37, 39; propostas de resolución números 1, 4, 18, 21, 24 e da 27 á 28.

Segundo. As propostas de transacción implican o decaemento das propostas de resolución sobre as que se transacciona, polo que estas non se someterán a votación.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Terceiro. Someterase a votación a parte resolutiva e non a parte expositiva das propostas de resolución.

Cuarto. Os parágrafos da parte resolutiva das propostas de resolución, estean ou non identificados con guión ou con calquera outro signo de puntuación, non poderán dar lugar a unha votación separada.

Quinto. En relación coas propostas polas que se crean órganos parlamentarios de resolución do Pleno, conforme o previsto no Regulamento e nos precedentes á súa creación, está suxeito ao previo cumprimento dos requisitos regulamentarios exixidos para cada tipo de órganos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Debate das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Comezamos, polo tanto, co debate das propostas de resolución, coa rolda dos grupos parlamentarios.

Comeza o Grupo Parlamentario dos Socialistas. Para iso ten a palabra, por un tempo de trinta minutos, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señores e señoras deputadas.

En primeiro lugar, evidentemente, como non pode ser doutra maneira, quero sumarme eu, e o meu grupo, a esas condolencias e ao noso pesar por ese terrible suceso acaecido nesta noite na cidade de Vigo.

A verdade é que hoxe os socialistas botamos en falla a presenza do presidente da Xunta de Galicia, posto que se trata do debate político máis importante da nosa Comunidade Autónoma, e sorpréndenos, segundo temos entendido, que, mentres imos intervir os deputados e as deputadas da oposición, pois o presidente da Xunta de Galicia ten convocada unha rolda de prensa sobre un tema que entendemos que podía ser tratado perfectamente unha vez que remate este pleno. Iso non reflicte máis que ese novo intento de silenciar os grupos da oposición nesta cámara. *(Aplausos.)*

Antes de iniciar a exposición das nosas propostas de resolución para este debate sobre o estado da Autonomía de Galicia de 2023, quería poñer de manifesto algunhas cuestións que os socialistas consideramos importantes e que se evidenciaron o día de antonte neste Parlamento galego.

En primeiro lugar, quero manifestar a nosa decepción ante a vergoñenta intervención do novo voceiro do Partido Popular, non só no seu contido senón tamén nas formas, empregando o macarrismo como arma de argumentación política. Señor Pazos, quérolle dicir que

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se notaba perfectamente a incomodidade do presidente Rueda durante a súa intervención *(Aplausos.)* e os socialistas supoñemos que, mentres vostede interviña, Rueda foi consciente de que se equivocou nomeándoo como voceiro do Partido Popular neste Parlamento galego. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Hai que ter máis clase e máis altura política cando se está a facer o debate sobre política xeral máis importante da nosa comunidade, nun debate político no que debemos contrastar e debater ideas e argumentos, non insultos nin alusións persoais.

E supoño que ese macarrismo tamén forma parte desa estratexia para intentar ocultar o discurso baleiro e sen proxecto de país que mostrou o presidente Rueda; un discurso que durou na súa primeira intervención noventa minutos, dos que corenta minutos os empregou para criticar o Goberno do Estado e descualificar o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, e dos cincuenta minutos restantes estivo máis preocupado en defender a Feijóo que en propor medidas que melloren a vida das persoas que viven na nosa comunidade, en propor medidas que melloren os sectores produtivos do noso país ou en explicar, se é que as teñen, medidas do Goberno galego para garantir a transición ecolóxica, para garantir a transición dixital, para traballar na cohesión social e territorial, en medidas para acadar unha igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, para loitar contra a violencia machista, para colaborar coas entidades locais ou medidas para as persoas maiores ou para a xuventude.

Vimos un presidente nervioso e que evidenciou o seu nulo peso en España e en Europa, que non asume a presidencia para a que foi designado, un presidente sometido a Feijóo e ambos sometidos aos designios da lideresa do Partido Popular, a señora Ayuso. É dicir, o presidente da Comunidade galega vive sometido ás propostas e ás ocorrencias da presidenta da Comunidade de Madrid, unha mostra máis desa invisibilidade política do presidente substituto Rueda, que tivo que contratar un autobús para percorrer Galicia e invitar a cañas aos galegos e ás galegas, porque despois de ano e medio como presidente da Xunta de Galicia ninguén o coñece, e, ademais, non se preocupou durante ese tempo en percorrer Galicia para ver e coñecer as necesidades dos galegos e das galegas, atendelas e poñer medidas para solucionalas. E realmente vai ser recordado como «Rueda o Breve», o que beneficiou as 7.700 persoas máis ricas da nosa comunidade mentres lles quitou a Tarxeta Básica ás persoas que máis o necesitaban *(Aplausos.)*, sobre todo nuns momentos nos que a suba dos prezos está afectando con maior intensidade as familias con menos recursos.

Fronte á inactividade deste Goberno galego, temos un goberno no Estado, encabezado por Pedro Sánchez, sobre o que nos momentos socioeconómicos máis difíciles, cando aínda non nos tiñamos recuperado da crise económica de 2008 e das medidas austericidas de Mariano Rajoy, cunha crise sanitaria, económica e social provocada pola pandemia da covid-19 e cunha guerra en Ucraína, podo afirmar que Pedro Sánchez, o presidente do Goberno de España, mantivo o Estado de benestar e aprobou o paquete de medidas máis importantes para evitar o desmantelamento do tecido produtivo e social do noso país. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais —teño que dicilo—, os socialistas non cremos nin nese vitimismo nin nesa defensa a ultranza de Galicia que fai o señor Rueda Valenzuela. Vostedes deseñaron unha estratexia comunicativa propia dos populismos, personificando no presidente do Goberno de España, é dicir, no señor Pedro Sánchez, o inimigo externo ao que culpar de todo para tapar a súa nefasta xestión, a súa falla de ambición e a inexistencia dun proxecto de país.

¿E saben que? Recórdanme ao señor Artur Mas e ao propio Puigdemont, cando dicía «España róubanos» e agora vostedes compran ese marco e atrévense co «Sánchez róubanos», pero vostedes saben perfectamente que iso é, simplemente, mentira.

Eu apelo hoxe ao presidente da Xunta de Galicia, ao novo voceiro parlamentario, á secretaria xeral do Partido Popular e aos deputados e deputadas do Partido Popular para que recorden que foi o Goberno de Pedro Sánchez quen subiu nun 8,5 por cento as pensións públicas, que teñen beneficiado 770.000 galegos e galegas, pero, por certo, co voto en contra de vostedes, do Partido Popular, e tamén de vostedes, do Bloque Nacionalista Galego. E, mentres, ¿que fixo a Xunta de Galicia coas pensións non contributivas? Mirar para outro lado.

Foi tamén o Goberno socialista encabezado por Pedro Sánchez quen aprobou esa suba do salario mínimo interprofesional, que pasou de 735 a 1.080 euros, é dicir, un incremento do 47 por cento. ¿E onde estiveron vostedes, señores e señoras do Partido Popular? Votando en contra.

Tamén votaron en contra da Lei de reforma laboral, que está permitindo que a maioría dos contratos que se están firmando no noso país sexan xa indefinidos, acabando con esa precarización e coa inestabilidade no emprego no noso país. ¿E que votaron vostedes, señores do Partido Popular, e vostedes, señores do Bloque Nacionalista Galego? En contra.

Tamén foi coas políticas aprobadas polo Goberno de Pedro Sánchez polas que máis de 70.000 persoas en Galicia teñen recibido o ingreso mínimo vital. Ou tamén lles recordo que foi co Goberno de Pedro Sánchez cando por fin chegou o AVE a Galicia, ese que o PP de Rajoy tiña hibernando nun caixón. *(Aplausos.)* E foi tamén o Goberno de Pedro Sánchez quen bonificou nun 50 por cento as peaxes da AP-9, as que o PP e o BNG tamén votaron en contra. E que veñan vostedes falar agora da AP-9 é un mal chiste. ¿Cren vostedes que os galegos non temos memoria? Se o señor Aznar non asinase esa prórroga ilegal, como así o dixo Bruxelas, hoxe non pagariamos esas peaxes. Ademais, nada impide que a Xunta de Galicia implemente axudas para estas peaxes sen ter a súa titularidade; poden facer como o Goberno de Pedro Sánchez, que bonificou o 50 por cento.

E miren, señores e señoras do Partido Popular, voulles recordar e despois vou deixar unha copia aquí ao señor presidente do Parlamento galego para que llela faga chegar a todos os deputados e a todas as deputadas. Miren, *(A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento.)* esta é unha carta do Congreso dos Deputados datada o 14 de setembro de 2017, e voulles dicir o contido. Acordo: «*Comunicación de la disconformidad del Gobierno respecto de la toma en consideración de la Proposición de ley orgánica de transferencia de la titularidad y de las competencias de la AP-9 a la Comunidad Autónoma de Galicia, presentada por el Parlamento de Galicia.*» E voulles dicir quen o asina: Ana María Pastor Julián, presidenta do Congreso dos Deputados. ¿Recórdano? *(Aplausos.)* Unha mostra máis desa hipocrisía política do Partido Popular, que,

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cando vostedes gobernan, non fan, e despois queren unha e outra vez pedirlles, exixirlles aos gobernos cando vostedes xa non están gobernando.

Pois miren, señores e señoras do Partido Popular, tamén foi co Goberno de Pedro Sánchez cando tivemos un récord histórico de investimentos na nosa Comunidade, máis de 35.000 millóns de euros, e acadamos os orzamentos históricos máis altos da nosa Comunidade, e tamén foi Pedro Sánchez quen foi negociar a Bruxelas eses fondos europeos para acadar máis de 160.000 millóns de euros, e acaba de ser aprobada a addenda ao Plan de recuperación por parte da Comisión Europea, que se traduce en máis de 10.000 millóns de euros en transferencias adicionais e 83.000 millóns de euros en préstamos.

E, mentres, ¿que fixo o Partido Popular?, ¿que fixo Casado?, ¿que fixo Feijóo? Ir a Europa falar mal do noso país e intentar que eses fondos, eses 160.000 millóns de euros, non chegaran a España e, polo tanto, non chegaran a Galicia. É verdade que o señor Rueda segue esperando a que lle poñan cita na axenda. Ese é o seu patriotismo de pacotilla.

E miren, señores e señoras do Partido Popular, tamén lles quero recordar que o actual modelo de financiamento autonómico, que beneficia a Galicia e que con Rajoy non foron quen de renovar, foi aprobado tamén por un presidente socialista, o presidente Rodríguez Zapatero. ¿E que teñen feito os gobernos do Partido Popular, primeiro con Feijóo e despois con Rueda na Xunta de Galicia, eses que presumen de que son uns bos xestores? Pois cos mellores orzamentos, cos orzamentos máis altos históricos nos últimos anos, cunha débeda pública que multiplicaron por 2,5 dende o ano 2009, chegando a máis de 12.000 millóns de euros; é dicir, a Comunidade galega é a sétima máis endebedada de todas as comunidades de España, e ademais, se aplicamos as palabras do señor Feijóo, poderiamos dicir que vostedes lle deixa un pufo de case 5.000 euros a cada galego e a cada galega.

Pois con esa xestión, con eses maiores recursos, con esa maior débeda, con esa xestión Feijóo-Rueda, ¿melloramos en sanidade? Non. Os profesionais que se forman en Galicia marchan buscando mellores condicións, seguimos a ter listas de espera vergoñentas en atención primaria e en atención especializada, temos centros de saúde rurais que están convertidos en consultorios, os PAC están mal dotados e cunha atención en saúde mental inexistente.

Miren, señores e señoras do Partido Popular, a saúde mental é un dereito humano fundamental. Hai dous días que se celebrou o Día Internacional da Saúde Mental, pero, máis alá das celebracións, quérolles recordar que a saúde mental é un problema durante todo o ano, un elemento esencial para o desenvolvemento persoal, comunitario e socioeconómico. Sen unha boa saúde mental, non existe un benestar pleno para as persoas, e o sistema sanitario galego non atende este dereito fundamental, sendo o servizo ao que só poden acudir aquelas persoas que conten con recursos suficientes para poder facer fronte ao seu custo, mentres que a maioría dos galegos e das galegas quedan en listas de agarda interminables, sen que mellore a súa condición mental e, polo tanto, a súa condición de vida.

E recórdolles que o IGE acaba de publicar que máis do 50 por cento dos galegos e das galegas chegan con dificultade ou con moita dificultade a fin de mes; polo tanto, non poden facer fronte ao custo deste tipo de profesionais.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os socialistas presentamos 3 propostas de resolución —en concreto, a 30, a 31 e a 32— para reverter esta situación, acabar coa precarización e cos recortes e apostar novamente por unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade e poñendo a saúde mental no centro da atención sanitaria. *(Aplausos.)* Teñen vostedes hoxe a oportunidade de mudar e de decidir; poden apostar pola calidade na sanidade pública; se a resposta é «si», preman o botón verde; se apostan polo continuísmo, polos recortes e pola precarización, preman e sigan premendo o botón vermello.

En educación, pois podemos dicir practicamente o mesmo. ¿Que fixeron con máis recursos, con máis débeda ese binomio Feijóo-Rueda? ¿Melloramos en educación? Pois a resposta é, novamente, non. E volta demostrarse que non son vostedes uns bos xestores. Temos menos profesionais con máis carga lectiva; faltan profesionais suficientes para atender ao alumnado con necesidades especiais, pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe; non temos un servizo homoxéneo de comedores escolares. E voltan ter hoxe vostedes a oportunidade de apostar por unha educación universal, gratuíta e de calidade en Galicia, votando «si» ás nosas propostas. E propoñemos que os libros de texto e materiais curriculares obrigatorios sexan gratuítos para todo o alumnado galego nas etapas do ensino obrigatorio público; elaborar un plan a tres anos para crear un número de prazas públicas suficientes para a escolarización dos nenos e nenas de 0 a 3 anos de acceso universal e gratuíto, custeado pola Comunidade Autónoma na súa integridade; establecer unha estratexia de ensino para o rural; ou executar un plan de prevención na infancia e adolescencia da exposición ás redes sociais e videoxogos, algo acordado por unanimidade no Parlamento galego no ano 2022.

Unha cuestión, señores e señoras do Partido Popular, á que quero apelar, porque vostedes saben que cada día é unha situación máis preocupante. O acceso á internet é unha oportunidade, pero mal empregada pode ser o inicio da degradación persoal de moitas persoas, e teñen que ser os poderes públicos os que poñan os medios para previr esta situación, que xa está dando resultados aterradores. Vostedes poden elixir votar «si» e premer o botón verde ou renunciar ao avance, á igualdade de oportunidades e continuar con eses recortes e precarización na educación pública.

En memoria democrática, os socialistas instamos a Xunta a que dea cumprimento ao contido da nova Lei de memoria democrática, que está en vigor dende o ano pasado, e non queremos que Galicia sexa unha zona de exclusión na aplicación desta norma. Xa sabemos que o Partido Popular ten dificultades en recoñecer a dor das vítimas da represión franquista, que se ven obrigados a adoptar o marco da ultradereita de Vox. Pero os socialistas cremos que é absolutamente necesario facelo, polo que instamos ao seu cumprimento, así como a que se cumpra un dos preceptos desta lei que é homenaxear cada 31 de outubro as vítimas do golpe do Estado, da Guerra Civil e da Ditadura franquista. *(Aplausos.)* ¿Van vostedes votar en contra? Terán que explicalo.

Nós propoñemos 40 propostas de resolución para mellorar o benestar das persoas e para a mellora socioeconómica do noso país. Son beneficios e son dereitos. Esperemos que non volvan empregar o seu rodillo para rexeitar a maior parte das nosas propostas.

En cooperación local, señores e señoras do Partido Popular, vemos como novamente os concellos galegos son os grandes esquecidos. Esperamos que muden e que voten a favor da nosa

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

proposta número 5, na que recollemos literalmente as demandas acordadas polos 313 concellos galegos no seo da Fegamp. ¿Tamén van votar en contra hoxe?

As persoas maiores. Nós cremos, os socialistas cremos que, despois dunha vida de sacrificios e de traballo, as administracións deben garantirlles vivir esta etapa en condicións ideais, con pensións dignas, polo que os socialistas pedimos a blindaxe do sistema público das pensións e manter o seu incremento segundo o IPC, independentemente do partido político que goberne no Estado. ¿Van votar en contra?

Queremos tamén que, a maiores, se amplíe a rede de centros residenciais públicos e crear 2.000 novas prazas, reforzar os equipos de inspección dos centros de maiores; non queremos voltar ver o ocorrido durante a pandemia da covid-19. Queremos mellorar o coidado domiciliario, co fin de atrasar o máximo posible o proceso de institucionalización, asumindo pola Comunidade Autónoma o custo total do servizo de axuda no fogar e que as persoas maiores teñan servizos médicos de calidade e con citas rápidas. ¿Van vostedes volver premer o botón vermello á nosa proposta de resolución número 25? Vanllo ter que explicar ao 26 por cento da poboación do noso país.

En canto aos xoves, vostedes non teñen nin unha soa proposta para a xuventude. ¿Teñen algo máis que ofrecerlles que unha maleta? Os socialistas si temos propostas. Propoñemos un plan de emancipación xuvenil; un plan de acceso á vivenda xuvenil en réxime de compra ou de alugueiro; ampliar os beneficios da Tarxeta Xente Nova ao conxunto da mocidade galega menor de 30 anos; poñer en funcionamento o Moucho Bus, ou ese bus nocturno que sexa con carácter permanente e promocionado pola Xunta de Galicia; pedimos a gratuidade na primeira matrícula universitaria e a redución no prezo das segundas e terceiras matrículas; e tamén un plan para favorecer o retorno das persoas xoves, a maior parte moi formadas, para que poidan volver á nosa comunidade e desenvolver aquí o seu proxecto vital. Pedímoslles que non preman o botón vermello ás nosas propostas 9, 27 e 23. Gustaríame que o meditaran, posto que moitos de vostedes son pais e nais de fillos e fillas mozas que teñen estas mesmas necesidades e reivindican estas mesmas medidas que os socialistas hoxe traemos nas nosas propostas de resolución. *(Aplausos.)*

Señores do Partido Popular, ¿que dicir da Corporación Radio-Televisión de Galicia? 281 «venres negros», unha folga pola manipulación informativa. Todos e todas recordamos cando en Galicia tiñamos ese presidente Feijóo, protexido por todos os medios públicos, pagados polos galegos e polas galegas, e cando chega a Madrid e desaparece esa manipulación informativa o que queda é o rei espido. Aquí viven entre algodóns na felicidade da Televisión de Galicia e cando saen de Galicia aparece a realidade: a súa insolvencia e as súas mentiras. ¿Van votar en contra tamén da nosa proposición número 6, amparando a mentira, a terxiversación e o escurantismo nuns medios que son pagados por todos os galegos e por todas as galegas?

En igualdade, en dereitos das persoas LGTBI ou en dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, ¿van vostedes votar en contra das nosas propostas 33, 34 e 35? ¿Van comprar novamente o marco da extrema dereita de Vox? Porque miren, o problema non é Vox, son vostedes os que os meteron nas institucións branqueando os seus postulados e aplicando xa

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

as políticas de desmantelamento destes dereitos. Quero recordarlles que foi con Feijóo con quen entrou Vox nas comunidades autónomas e nos concellos, simplemente para que o Partido Popular puidera gobernar. *(Aplausos.)* Deulles igual pactar con quen nega a violencia machista, con quen está en contra da igualdade entre homes e mulleres, con quen nega o cambio climático, con quen nega as linguas propias e xa as están facendo desaparecer nas administracións onde están gobernando.

Voulles recordar, señores e señoras do Partido Popular, as declaracións de María Guardiola, presidenta de Estremadura, do Partido Popular: «*No puedo dejar entrar en el Gobierno a quienes niegan la violencia machista, a quienes usan el trazo gordo, a quienes deshumanizan a los inmigrantes, a quienes tiran a una papelera la bandera LGTBI. Tampoco voy a entrar en batallas culturales que están superadas. Se trata de solucionar el futuro de los extremeños*». E uns días despois, señores e señoras do Partido Popular, a señora María Guardiola tivo que comer literalmente as súas afirmacións e achantar pactando con Vox, obrigada polo moderado Feijóo. *(Aplausos.)*

Señores e señoras do Partido Popular, sorpréndenos que nas súas propostas de resolución non hai nin unha soa referencia na que se inclúa «violencia machista». Repita comigo, señora Paula Prado, e que tamén o asuma o señor Pazos, xuntos os dous, digan «violencia machista», ¡«violencia machista»!, non a neguen, ¡non neguen a violencia machista! *(Aplausos.) (Murmurios.)* Non é Vox, non é Vox, son vostedes os que están colaborando para desmantelar todo o que tanto custou acadar.

E hoxe quero apelar aos pais e ás nais que estamos hoxe aquí nesta cámara. Se empezamos por negar a violencia machista, pode ser que as nosas fillas poidan ser vítimas desa violencia machista e non contar cos recursos necesarios para axudar as vítimas e condenar os agresores. E tamén pode ser que os nosos fillos se convertan en agresores, porque formarán parte dunha sociedade que nega a súa existencia e normaliza as súas accións. Señores e señoras desta cámara, digamos, alto e claro: «¡*Se acabó*!». Contra a violencia machista, nin unha soa dúbida e toda a sociedade en pé para acabar con ela.

Os socialistas —como dicía anteriormente— presentamos 40 propostas de resolución, ofrecemos 24 transaccións ao Partido Popular, das que nos rexeitaron 17, e ofrecemos 5 transaccións ao BNG, das que nos rexeitaron todas. O PP ofreceunos 15, que non aceptamos, e o BNG ofreceunos 1, que tampouco aceptamos. Tivemos 1 proposta transaccionada co acordo dos tres grupos parlamentarios desta cámara, entre a resolución 34 do BNG, a 15 do Partido Popular e unha engádega do noso grupo.

Polo tanto, señores e señoras do Partido Popular, eu apelo na miña exposición á súa boa vontade, aos seus principios e á realidade que estamos a vivir, para que recapaciten. Teñan en conta as propostas de resolución presentadas por este grupo, polo Grupo Socialista, e voten a favor, porque, entre todos, seguramente conseguiremos unha sociedade mellor na que poidamos vivir todos máis libremente, máis seguros e sen violencia machista.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Xosé Luís Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Moi bo día.

Quixera comezar trasladando o noso pesar pola traxedia que tivo lugar en Vigo nesta madrugada e tamén, por suposto, a nosa solidariedade coas catro vítimas mortais e coas numerosas persoas feridas. Todo o noso apoio, toda a nosa solidariedade. *(Aplausos.)*

O BNG trae a este debate unha idea principal: falar de Galiza e falar en futuro; falar de superación, de esperanza, de comunidade, de construción colectiva, de equidade, de soños, de transformación, de dereitos e de liberdade. Falar dun país vivo, xusto, inclusivo, orgulloso, feminista e aberto ao mundo. Falar coa inspiración desa grande pensadora feminista Rebecca Solnit, autora dun libro revelador, *Esperanza na escuridade*: *a historia nunca contada do poder da xente*. Dinos Rebecca Solnit: «Xuntos somos moi poderosos e posuímos un historial de triunfos e transformacións que pode ofrecernos a confianza de que si, de que podemos cambiar o mundo, porque xa o cambiamos moitas veces».

Podemos e debemos cambiar o mundo, mais, como o mundo é moi grande, queremos comezar por cambiar o noso país, Galiza. Porque no noso país estamos vivindo nunha encrucillada, nun dilema entre a tendencia do cambio e a tendencia do estatismo, entre unha Galiza que quere avanzar e outra que ten o freo posto, entre unha nación ambiciosa, moderna, empoderada e sen complexos e unha rexión pequena, acomplexada, axeonllada.

E o pasado luns presentáronse neste hemiciclo dúas alternativas: a do Partido Popular, que representa o pasado, un país que vai a menos; e a do BNG, que representa o porvir, ilusión, confianza e esperanza. Vimos tamén dúas maneiras de entender a nosa Terra, simbolizadas en dúas persoas: Alfonso Rueda e Ana Pontón. No caso de Rueda, un liderado accidental, máis ben un proxecto de liderado fabricado a marchas forzadas desde o gabinete de prensa do Partido Popular con sede en San Marcos, que para iso utilizan vostedes a Televisión pública, ao servizo do Partido Popular. *(Aplausos.)* E por moito que sigan facendo trampas e pervertendo a democracia, non o imos deixar de denunciar, porque queremos un país sen «venres negros», un país sen listas negras. E, como diría Eduardo Galeano, vostedes confunden a liberdade de expresión coa liberdade de presión; esa practícana habitualmente todos os días *(Aplausos.)* coa xente que discrepa, coa xente que pensa diferente, coas súas listas negras.

Mais o certo é que sopran ventos de cambio e o seu tempo está chegando ao final, e percíbense numerosos síntomas de decadencia, de descomposición. Vostedes gobernaron, señorías do Partido Popular, catorce anos con maiorías absolutas e o balance que deixan é un país peor, que vai a menos, que perde. E isto non é unha opinión, son datos, datos de informes do CES, do IGE, da Airef, do Foro Económico de Galiza ou do Eurostat. O problema é

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que vostedes maquillan os datos, vostedes fíanse máis do CIS de Michavila que dos datos do CES, e ese é o problema.

Vostedes menten e manipulan tanto os datos que lle fundirían os circuítos a unha máquina da verdade, e vémolo porque iso foi o que lle pasou ao señor Feixóo, que estivo manipulando sistematicamente aquí neste parlamento e neste país e cando foi a Madrid sacáronlle todas as mentiras, todas as manipulacións dos seus discursos.

O BNG utiliza datos e informes oficiais da memoria do CES de 2022, que din que Galiza perde poboación, que nada menos que perdemos 105.000 habitantes entre o ano 2009 e o 2022, un auténtico drama para este país, mentres, por certo, no Estado subían neste mesmo período de tempo 1,3 millóns de habitantes. Algo estará pasando, alguén será responsable desta desfeita demográfica.

Un país que perde oportunidades e competitividade. E non o dicimos nós, tamén o di o CES. Escoiten: Galiza perde posicións no índice de competitividade rexional elaborado pola Comisión Europea —que non é ningún perigoso inimigo do Partido Popular na Xunta—. *(Aplausos.)* Pasamos do posto 143 ao posto 149 desde o ano 2016 ao ano 2022. A situación da Comunidade contrasta coa da rexión norte de Portugal, que mellorou posicións no mesmo período do tempo; pasou do 164 ao 135.

Isto tamén ten responsables e chámase Goberno da Xunta do Partido Popular. Galiza perde músculo e vitalidade industrial; tamén o di o CES. O sector industrial galego perde peso e destrúe 40.000 empregos en catorce anos. Galiza perde peso político e o seu balance, de cero competencias en catorce anos, este si que é un dato no que fixeron historia, pero historia negativa. Por primeira vez na historia catro mandatos sen ningunha transferencia de competencias; este é o mérito do balance do Partido Popular do señor Rueda e do señor Feijóo: catro lexislaturas sen ningunha competencia; unha declaración de incompetencia que é o Goberno do Partido Popular.

E, diante deste panorama, temos un Partido Popular sen capacidade de resposta, un goberno que non está á altura, que está centrado basicamente en dúas cousas: por un lado, en facer oposición e, por outro, en buscar culpábeis. Un goberno descabezado, descoordinado e desfondado que ten un único obxectivo: conservar o poder. Cun programa baseado en dous pés, dous pés do Partido Popular: propaganda e parches, como vimos na intervención do señor Rueda do pasado luns; propaganda para negar ou para maquillar a realidade e parches para tapar a súa incapacidade.

E, ademais disto, ocorrencias, ocorrencias como os parques caninos que anunciou o señor Rueda. E isto a min lembroume unha idea pioneira tamén do Partido Popular de Pontevedra no período 1995-1999, cando era alcalde o señor Juan Luis Pedrosa, que foi o do pipicán, o pipicán da alameda de Pontevedra. Naquel goberno, por certo —eu formaba parte da oposición—, estaba de concelleiro de axilización de expedientes o señor Alfonso Rueda; *(Risos.)* ese foi o seu comezo político. Pois ben, esta medida pioneira do pipicán aparece, como saben, recollida en todos os manuais de bo goberno municipal habidos e por haber.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, claro, o problema é que os concellos, as cidades non lle piden parques caninos; as cidades e os concellos pídenlle investimentos que están pendentes, *(Aplausos.)* pídenlle un mellor financiamento e pídenlle que non lles transfiran competencias sen recursos, como fixeron vostedes precisamente coa Lei de benestar animal.

Mais, para ocorrencias, aquí a medalla das ocorrencias temos que concederlla á señora conselleira do Medio Rural coas súas ideas para dinamizar o rural. Lembran que hai dous anos e medio presentaron tamén como medida absolutamente pioneira, unha medida que ía poñer o rural a funcionar, a web, o portal da Xunta para promocionar e vender aldeas abandonadas. Non era un plan para dinamizar o rural, máis ben é o plan do Partido Popular para dinamitar o rural, que é o que están facendo. Porque ¿saben cal é o balance desta ocorrencia, que presentaron a bombo e prato hai dous anos e medio, dous anos e medio despois? Hai seis inmobles nese portal, en dous concellos. Este é o balance do Partido Popular das súas ocorrencias para o medio rural. *(Aplausos.)* Esta é a triste imaxe dunha Xunta convertida nunha copia cutre do portal Idealista.com, unha auténtica vergoña.

A realidade é que Galiza perde posicións, mais non é por unha maldición bíblica. Non falla o país, non está fallando a xente. A xente o que fai é milagres para chegar a fin de mes; a xente deste país, a xente traballadora deste país fai heroicidades para facerlles fronte aos gastos do comezo do curso —para o que vostedes non dan axudas— ou o incremento abusivo dos alimentos e dos combustíbeis. A mocidade —e dígollelo por experiencia, como o pai de tres mozos de 26 e 30 anos— fai auténticos equilibrios. Por certo, xa nos gustaría nestes catorce anos pasados que nos puxeran esa medida da axilización da tramitación da cartilla de familia numerosa, porque non a tivemos, pero ben... O que fai a mocidade, como os meus fillos e fillas e as súas amizades, son heroicidades contra a precariedade, contra os traballos a tempo parcial e loitando por unha emancipación practicamente imposíbel e vivindo entre a incerteza e a angustia.

E, a pesar de todo isto, a xente deste país resiste, a xente non falla; quen falla son vostedes, falla o Goberno do Partido Popular; *(Aplausos.)* un minigoberno —nin sequera chega a goberno— acomplexado, axeonllado e servil que cumpre de maneira eficaz o seu papel: o de ser o cabalo de Troia, instrumento ao servizo do centralismo, das elites económicas e financeiras e da axenda do PP madrileño. Vostedes actúan no Goberno da Xunta como axentes comerciais das grandes empresas do Ibex.

E para iso precisamente crearon a sociedade Impulsa, esa sociedade que o que impulsa son os negocios de Repsol, os negocios de Abanca, que lles abren as portas e lles poñen a alfombra vermella para untalas con cartos públicos para que fagan grandísimos negocios; como as grandes empresas enerxéticas —Iberdrola, Endesa ou Naturgy—, que tiveron 8.530 millóns e ás que vostedes tamén lles facilitan as tramitacións mentres deixan na estacada a quen realmente ten este país en pé: as pequenas empresas, as pemes, as que loitan todos os días para subir a persiana, para defenderse sen axudas, sen case axudas públicas.

E agora anuncian —xa o colmo— que lles van pagar ás grandes empresas medio millón de euros se a tramitación dun proxecto tarda máis dun ano. *(Aplausos.)* ¿Como teñen a ousadía de vir aquí presentar esta medida? A Xunta do Partido Popular, de novo, financiando con

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fondos públicos empresas que teñen beneficios multimillonarios, porque isto a quen vai beneficiar é a esas empresas. E xa lles dicimos que non o imos consentir, imos impugnalo onde faga falta. E se aproban esta medida, derrogarémola en canto cheguemos ao Goberno, porque é inxusta e vai contra os intereses deste país.

Miren, señorías do Partido Popular, a vostedes durante moito tempo funcionoulles a propaganda, a anestesia e a manipulación; e cousas aínda moito peores, moitísimo peores, que nos darían para falar aquí horas, de todas as presións, as coaccións que utilizan vostedes ao longo de todo o país nos concellos para amedrentar, para perseguir a quen discrepa ou a quen ten outra opción política.

Pero, a pesar de todo iso, a xente non se resigna, a xente deste país non ten medo, a xente deste país cambiou a resignación e o medo pola esperanza, e a esperanza deste país chámase Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* A esperanza ten un nome: Ana Pontón Mondelo, e iso é o que a vostedes os pon dos nervios, os pon histéricas e histéricos, o nome e a potencia política, o liderado de Ana Pontón; xa llo escoitabamos o outro día precisamente ao portavoz do Partido Popular, que estaba moi preocupado por este liderado.

Miren, neste país sopran ventos de cambio. Hai un pobo vivo que quere deixar atrás estes catorce anos de declive, que quere construír un país novo, e hai unha maioría social, como dicía aquel verso de Celso Emilio Ferreiro «O río de luz»: hai un «río de luz sulagado», unha maioría que empurra con forza, unha grande onda de xente traballadora, de xente emprendedora, de xente innovadora, de xente creadora. E no BNG queremos, humildemente, representalas, acompañalas, darlles voz, darlles oportunidade e darlles esperanza. Queremos facelo poñendo en marcha o mellor Goberno da historia deste país, con novas ideas, con alternativas como as que presentamos neste debate; propostas para unha Galiza con poder, con poder político, con recursos económicos, para ter máis benestar, para ter máis oportunidades, para ter mellores servizos públicos; propostas que vostedes van votar en contra, como poñer en marcha tres grandes proxectos, tres grandes transformacións que sitúen o noso país entre os máis desenvolvidos e avanzados.

En primeiro lugar, a axenda científica tecnolóxica. E o que propoñemos é que a próxima década sexa a dun grande esforzo, o maior salto adiante da nosa historia en materia de investigación e de innovación.

En segundo lugar, a axenda da dixitalización e da intelixencia artificial, pero dunha dixitalización e dunha intelixencia artificial inclusivas, para que as novas tecnoloxías non agranden as fendas e as desigualdades. Propoñemos —e vostedes van votar en contra— o maior programa de capacitación en competencias dixitais da historia deste país, mediante a creación do consorcio, no que formen parte o Goberno, os concellos e as universidades, para a capacitación e as competencias dixitais, para formar empresas, para formar o tecido social, as persoas traballadoras e as persoas de todas as xeracións, dos 5 aos 95 ou aos 105 anos, porque cada vez imos vivir máis.

En terceiro lugar, a axenda da emerxencia ambiental do clima e da enerxía —á que vostedes van votar en contra—, unha axenda para deixar atrás as políticas negacionistas e populistas

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e converter Galiza en referente da acción polo clima, a protección ambiental e un modelo enerxético ao servizo do país e da maioría social.

E no BNG temos claro de que lado estamos; estamos do lado do país, do lado da xente, do lado da maioría social. Por iso defendemos medidas que poñan freo á rapina e que favorezan a protección, o aproveitamento e a repartición da inmensa riqueza que ten o noso solo, o noso vento, a nosa auga e o noso monte. Que quede absolutamente claro.

E temos condicións para ser un país rico, un país envexado, admirado, e o BNG vainas activar. Vainas activar con estas corenta medidas, que se poden resumir en catro grandes eixos, catro alicerces desta grande casa común que se chama Galiza, unha casa que queremos moderna e anovada, de propiedade colectiva, chantada na terra, feita de materia nobre, con todas as comodidades e con todos os avances.

Estes grandes eixos, estes grandes alicerces son: en primeiro lugar, poñer o país a producir; en segundo lugar, máis benestar e máis equidade; en terceiro lugar, máis vencellos: comunidade; e, por último, unha democracia máis forte.

Empezo polo primeiro alicerce: poñer o país a producir para xerar emprego de calidade, riqueza e oportunidades. Oportunidades, porque iso é o que combate o despoboamento, iso é o que combate a emigración e iso é o que combate a falta de oportunidades para a xente nova. E queremos facelo desenvolvendo as cadeas de valor en sectores estratéxicos como a biotecnoloxía, a bioeconomía, o complexo gastronómico- alimentario, para ter un rural forte e vivo, igual que unha costa forte e viva, a cadea forestal e da madeira, a cadea mar-industria ou enerxía, cun plan de fomento da actividade tecnolóxica e industrial, para chegar ao 25 por cento do peso da industria no PIB, que é algo que se pode facer; xa o fixo o norte de Portugal, xa o fixo tamén a Comunidade Foral de Nafarroa.

Un plan de oportunidades e emprego para a mocidade, que é o noso maior capital de futuro; fronte á emigración, apoio e oportunidades; fronte á precariedade, emprego de calidade; fronte á temporalidade e á dependencia, emancipación e vivenda asequible. Propoñemos unha política xuvenil de verdade, integral, transversal, seria, fronte á pseudopolítica xuvenil do Partido Popular, que se limita ao tempo libre, ao asociacionismo e ao voluntariado.

E como grande medida tamén, a estratexia do equilibrio territorial —á que vostedes tamén van votar en contra—, un conxunto de instrumentos e recursos para a cohesión e a equidade entre as galegas e galegos, con medidas novidosas e audaces, como o Fondo de Equilibrio Territorial, o Tícket Rural ou os núcleos de desenvolvemento, iniciativas para multiplicar os esforzos e os recursos nas zonas con menor renda e nos sectores con máis dificultades.

O segundo alicerce son as políticas sociais e para o benestar, porque non hai benestar sen equidade e non hai equidade nin xustiza sen a maior forza mobilizadora e transformadora do noso tempo: o feminismo, que é o motor de conquistas e de avances de novos dereitos e de liberdades. Como nos ensina esa grande pensadora feminista e antirracista Ánxela Davis: «Xa non acepto as cousas que non podo cambiar. Estou cambiando as cousas que non podo aceptar», nós témolo claro: a Galiza do futuro será feminista ou non será. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Combateremos, polo tanto —que lles quede claro, porque isto vai ser unha batalla permanente, na que non imos dar nin un só paso atrás—, con todas as nosas forzas, os discursos machistas e a quen os ampara e os branquea, a quen lle dá postos en gobernos, e, coa mesma determinación, defenderemos os dereitos LGBT e combateremos os discursos transfóbicos e LGTBfóbicos.

Políticas sociais, por suposto, fortalecendo os servizos públicos e freando esa brigada de recortes e privatizacións que é o Partido Popular. Na sanidade pública, cunha mellor atención primaria, que é o que está demandando a sociedade deste país; un bo trato ás profesionais da sanidade; e máis recursos para a saúde mental, porque llelo está dicindo absolutamente todo o mundo, desde os profesionais a toda a xente que necesita esta atención psicolóxica e psiquiátrica: non hai suficientes recursos.

Un sistema sanitario público forte é garantía de equidade. A saúde ten que ter esta porta de entrada *(O señor Bará Torres mostra unha tarxeta sanitaria.)*, non esta porta de entrada *(O señor Bará Torres mostra unha tarxeta bancaria.)*; esta é a que fomentan vostedes, señorías do Partido Popular. Non pode depender desta tarxeta ir ao pediatra ou ir a atención psicolóxica, como lle está pasando a quen pode, que hai moitísima xente que non pode nin sequera ter esa opción de utilizar esta tarxeta para ter atención sanitaria. Isto é un auténtico drama e vostedes están mirando para outro lado. É absolutamente indecente.

En educación, propoñemos un incremento gradual do investimento, redución de ratios, a recuperación dos dereitos do profesorado e máis medios para a atención á diversidade.

Nas políticas para a vellez, ademais de recoñecer o éxito colectivo que supón o incremento das expectativas de vida, porque é un éxito sen dúbida, dúas prioridades: vellez activa e sistema público de coidados, respecto e servizos públicos fronte á mercantilización e ao negocio coas persoas maiores que fomenta o Partido Popular.

En materia de vivenda, outro dos grandes piares dos dereitos sociais, propomos superar a parálise, superar a propaganda do Partido Popular, con dúas grandes liñas de actuación estratéxicas: un plan para incrementar a vivenda pública accesible e tamén un plan de vivenda baleira, para mobilizar eses miles de vivendas baleiras que hai no noso país.

O terceiro alicerce ten que ver cos vencellos, coa comunidade. E isto pasa por poñer no centro o intanxible, o inmaterial, o que non ten prezo no mercado e que por iso é o máis valioso. E, fronte ao individualismo e á deshumanización, a comunidade, que é o que lle dá cohesión a un país, é parte ademais esencial da tradición galega. O a mancomún, o asociacionismo, as comunidades de montes, as comunidades de augas, as cooperativas. Lembro a declaración de principios do Partido Galeguista: Galiza, comunidade cooperativa; ¡que grande definición dun país!

Propoñemos unha grande mobilización arredor da identidade que se expresa na cultura, no patrimonio, na paisaxe, e non queremos no BNG, porque ese tampouco foi nunca o desexo de quen nos precedeu no nacionalismo, unha identidade fosilizada, pechada nunha vitrina ou nun clixé. Cremos e queremos unha identidade en movemento, en transformación, con raíces, plural,

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aberta, sen fronteiras. A identidade das foliadas, das Tanxugueiras, a de Fillas de Cassandra, a de Mondra, a de Elena Ferro, a de *O Corno* e a que latexa no espírito rebelde e vangardista de Manuel Antonio, «Máis alá». *(Aplausos.)* E tamén as das que abriron portas coa máxima xenerosidade, que merecen todo o noso respecto, o máximo respecto; persoas como Dorothé Schubarth, grazas; Fuxan os Ventos, grazas; Mercedes Peón, grazas; Milladoiro, grazas, grazas, grazas.

O noso gran vencello, o noso pegamento como nación e como pobo é a lingua, é o que nos une, o que nos identifica, o que nos diferenza. Por iso propomos un grande acordo social pola lingua. Igualdade para o galego, así de sinxelo, igualdade para galego. ¿Acaso non é xusto pedir igualdade para o galego, que agora non hai? *(Aplausos.)* Vontade e determinación para levala a todos os foros e a todos os lugares. E, fronte ao desprezo do Partido Popular, que acabamos de ver recentemente nas votacións e nas declaracións do señor presidente do Partido Popular e do presidente da Xunta contra o galego, menosprezando o uso do galego no Congreso, falando dos pinganillos —é unha auténtica vergoña ter eses representantes, teño que dicilo así—, fronte ao desprezo do Partido Popular, nós apostamos orgullosamente e sen complexos por unha lingua sen límites.

O cuarto piar: máis democracia. Miren, a democracia ten algúns principios e algunhas normas. A democracia é, por exemplo, respectar o Parlamento, xusto o contrario do que fai o presidente da Xunta e o seu Goberno no día de hoxe, ríndose do Parlamento, reunindo o Consello da Xunta neste parlamento, anunciando proxectos neste parlamento, invadindo o Executivo o que é a soberanía e as funcións do Parlamento galego. *(Aplausos.)* É un auténtico desprezo o que acaban de facer hoxe: contraprogramar un debate tan importante como o debate do estado do noso país.

A democracia tamén ten que ver co respecto e a dignidade, que é o contrario da ruindade e da baixeza moral. E unha democracia de calidade pasa por ter medios públicos plurais, ao servizo da maioría. Consideramos, polo tanto, prioritario poñer fin á manipulación, ao maltrato ao persoal e ao secuestro da CRTVG, convertida no gabinete de prensa ao servizo do Partido Popular. Por iso pedimos —e vostedes van votar en contra— unha dirección da Televisión pública independente, escollida nun concurso público.

Miren, de todo o dito —vou rematando— derivan unhas interesantes conclusións.

A primeira é que somos un país rico, somos un país rico empobrecido pola dependencia e o centralismo. Claro, señora deputada do..., faltáballe a segunda parte: empobrecido —Echenique; Egerique, perdón— pola dependencia e o centralismo. A pesar de todas as pexas que nos impoñen, estamos en pé, somos un pobo vivo e orgulloso, e, comunidade e compromiso, estamos en condicións de superar todas as dificultades.

A segunda conclusión: somos un gran país cun mal goberno, un goberno que non está á altura, que está a outras cousas, máis atento ao que lle pasa ao Partido Popular en Madrid. Por iso proclamamos unha certeza: Galiza é inmensamente mellor, inmensamente mellor que o Goberno do Partido Popular. Galiza merece máis, merece un goberno mellor, un goberno leal, un goberno decente, un goberno con enerxía e con coraxe, que defenda a maioría e non os intereses das empresas amigas.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A terceira: que non virá de fóra remedio ou esperanza, como deixou dito tamén ese gran poeta que foi Celso Emilio Ferreiro. Precisamos da nosa forza, da nosa convicción, do noso compromiso, que ten que ser unha potente aceleradora de mudanzas, que foi o que fixo sempre o nacionalismo galego: ser unha poderosa aceleradora de mudanzas neste país. (*Aplausos.*)

Dixo Eduardo Galeano que o futuro é posible imaxinalo e non só aceptalo. No BNG imos traballar, imos dar o mellor, man con man coa maioría social, para imaxinar ese futuro e, sobre todo, para facelo realidade máis pronto que tarde. Sopran ventos de cambio, o vento maino e persistente da Galiza que vén. O que está en marcha non é só un cambio político, un cambio de goberno, é moito máis ca iso: é un cambio social, é un cambio moral, é un cambio ético, é un cambio social, un cambio tamén xeracional.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: O pasado luns vimos o señor Rueda —remato, presidente— escribindo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...o epílogo dun tempo pasado e vimos o BNG de Ana Pontón debuxando o abrente dunha nova Galiza, unha Galiza viva, forte e con futuro, un país verde,...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...feminista, científico, equitativo e solidario, unha nación orgullosa.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor BARÁ TORRES: Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, tamén, no meu nome e no nome do meu grupo, quero amosar a nosa solidariedade e cariño para as familias que están a sufrir hoxe tantísima dor polo suceso desta pasada noite en Vigo. (*Aplausos.*)

Señorías, despois do debate do pasado luns, comprobamos que neste parlamento pois hai cousas que mudan e outras que, por desgraza, se manteñen ano tras ano invariables. Entre as moitas cousas que mudan, o cambio máis importante é que hai un ano e medio na Pre-

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sidencia da Xunta de Galicia cambiou o camiñante pero o camiño segue. Este luns o presidente Alfonso Rueda volveu deixar claro que é un presidente á altura de Galicia e á altura do que Galicia necesita e que os galegos merecen.

O presidente Rueda falou nesta tribuna da Galicia que non para, da Galicia que avanza, da que os galegos están orgullosos, na que se mellora a vida das persoas que máis o precisan e na que se traballa por un futuro seguro e próspero para as nosas fillas e fillos.

Pero tamén hai cousas que non cambian. Eu, cando entrei aquí, no ano 2009, non só Ana Pontón levaba xa máis dunha lexislatura como deputada, senón que xa entón se falaba nos mesmos termos do Goberno galego. É máis, se collemos o *Diario de Sesións* do debate de política xeral ao longo de todos estes anos, as intervencións dos voceiros do BNG e do PSdeG son practicamente as mesmas, ano tras ano, invariablemente.

Igual de invariable que é o escano na oposición que a señora Pontón, esa grande esperanza do Bloque Nacionalista Galego, ocupa dende hai vinte anos, esperanzados dese cambio; probablemente sexa o cambio de escano, que si que andou cambiando dun lado para outro. Vinte anos que aproveitaron para tratar de vendernos unha moto, unha moto que os galegos non lles compran, nin sequera rebaixándolle o imposto de transmisión de vehículos. Invariable tamén ese grupo galego forte dun deputado do Bloque Nacionalista Galego en Madrid, ese grupo galego forte que iamos ter despois do 23 de xullo e que segue sendo fortemente representado polo señor Néstor Rego.

E igual de invariable que os líos internos dun Partido Socialista de Galicia cuxa constante vital nestes anos foi a busca dun liderado que non chega: Pachi, Besteiro, Caballero, Formoso, outra vez Caballero, outra vez Besteiro, pero nunca Formoso. Están tan ensimesmados en mirar cara a si mesmos e perden tanto tempo en resolver os seus propios problemas, señora Rumbo, que levan anos sen mirar os dos galegos, sen coñecer os seus problemas, e incapaces de ofrecerlles solucións.

Queixábase amargamente a señora Rumbo da falta de respecto que supoñía que outros partidos dedicaran parte do tempo a falar pois dos procesos internos, pero é que, señora Rumbo, os socialistas viñeron o luns a este parlamento, mentres estabamos no debate do estado da Autonomía, a presentar o seu candidato ás primarias, (*Aplausos.*) como se isto fora a sede do Partido Socialista, señora Rodríguez Rumbo. Hoxe o presidente Rueda estaba celebrando o Consello da Xunta neste parlamento, non estaba presentándose como candidato ás primarias, como vostedes fixeron o luns nesta cámara. Iso, señora Rodríguez Rumbo, si que é unha falta de respecto á institución.

Pero, ben, mentres nós estabamos aquí e mentres o presidente Rueda estaba aquí debullando medidas para resolver os problemas dos galegos e das galegas, vostedes estaban aí fóra co seu propio «Sálvame Messi» para intentar resolver os seus problemas; a ver se os resolven dunha vez e empezan xa a preocuparse dos galegos e das galegas.

Miren, eu creo que xa está ben dese Día da Marmota no que están inmersos. ¿Non cren que estaría ben xa cambiar de estratexia? Non lles está dando moitos resultados electorais, señora Rodríguez Rumbo. Por moito que veña vostede aquí intentar darnos lecciónes, cada vez

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que se presentan a eleccións, os galegos e as galegas outórganlles menos escanos, señora Rodríguez Rumbo. Fagan unha reflexión.

E, como bos submisos a Sánchez, a señora Rodríguez Rumbo aquí falou máis veces de Pedro Sánchez que de Galicia. A señora Rodríguez Rumbo confundiu o debate do estado da Autonomía co debate do estado da Nación, e non da nación que propón o Bloque Nacionalista Galego na súa primeira proposta de resolución, non, da Nación de España. Porque veu aquí sacar peito das cousas que fai Pedro Sánchez, esquecendo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu agradecería un pouco de respecto, porque despois piden vostedes respecto.

Eu dicía que a señora Rodríguez Rumbo se esqueceu de falar do que fai Sánchez por Galicia, mellor dito, do que non fai Sánchez por Galicia, señora Rodríguez Rumbo, porque vostede aquí falou de moitas cousas pero esqueceu outras moitas. Porque Sánchez liderou unha lexislatura na que non cumpriu ningunha das débedas pendentes con Galicia. Iso si que ten sometido o Partido Socialista de Galicia ao señor Sánchez.

E miren, nós, dende o Grupo Parlamentario Popular, non imos cesar en seguir reivindicando, por moito que os fastidie, todas e cada unha das débedas que ten o Goberno de España con Galicia (*Aplausos.*), o Goberno de Pedro Sánchez con Galicia, o Goberno dos socialistas, apoiado polos nacionalistas do BNG, con Galicia.

Señora Rumbo, ¡que raro que non citara nin unha soa vez o señor Touriño para falar dalgunha cousa que fixeran en Galicia! Falou todo o rato de cousas que están facendo outros noutro lado pero, lamentablemente, en Galicia non. Unha delas, pendente: a transferencia da AP-9 a Galicia, xunto cos fondos necesarios. Temos unha proposta de resolución, proposta de transacción do Partido Socialista; pois volven poñer os intereses de Sánchez por riba de Galicia, e onte fannos unha transacción solicitando o cofinanciamento autonómico para bonificar a AP-9, unha autoestrada nacional. Pero, señora Rodríguez Rumbo, ¿tanto lles custa poñerse do lado de Galicia?, ¿tanto? ¿Tanto pesa o señor Sánchez como para darlle tanto as costas a Galicia? (*Aplausos.*)

Miren, vou falar en positivo. Non vou debullar todas as nosas reivindicacións, que están nunha proposta de resolución. O que vou facer é falar dunha proposta de transacción á que chegamos de acordo os tres grupos desta cámara. Chegamos a un acordo para reivindicar unha serie de melloras na mobilidade ferroviaria, os trens AVRIL, servizos e frecuencias; infraestruturas pendentes e imprescindibles para conectar Galicia coa Meseta, como a reconstrución dos viadutos; outras de ámbito interno, como a autovía Santiago-Lugo, a A-56, a A-76, a autovía da Mariña, de Vigo-O Porriño, a VAC da Costa da Morte e a autovía do Cantábrico. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, unhas son autonómicas, si, ¡home!, ata aí chego, señora Rodríguez Rumbo, tranquilícese, tranquilícese.

Mire, a da Mariña saíu dos presupostos; se é a que a preocupa, xa llo digo eu, esa xa a eliminou dos presupostos o señor Sánchez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, claro, é que como vostede fala...; pois escoite, escoite. Miren, eu, lamentablemente, aínda que fagamos esta transacción en positivo, moito sospeito que isto non se vai cumprir, porque din aquí unha cousa pero cando chegan a Madrid votan a contraria.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E vou poñer un exemplo, xa que falamos destas cousas, por exemplo en sanidade. Mire, en sanidade tamén na Moncloa teñen moito que dicir sobre a nosa sanidade, porque alí seguen tomando a broma que necesitemos máis médicos e que sexan eles os que teñen a chave. A falta de médicos especialistas que sofre Galicia, do mesmo xeito que todas as comunidades autónomas, podería solucionala facilmente o señor Sánchez, señora Rodríguez Rumbo —vostede, que é tan fan del—, eliminando a nota de corte do MIR, por exemplo, para que ningún titulado de medicina quede vetado dos servizos públicos de saúde. Tamén exiximos que flexibilicen os criterios para formar médicos en centros sanitarios e que se cree —como se comprometeu— a especialidade de medicina de urxencias. ¡Ah!, pero aquí votan que si e despois tanto o Bloque como o PSOE chegan a Madrid e votan en contra, señorías, en contra (*Aplausos*.)

E cando digo que isto é un goteo constante de agravios, dígoo porque onte mesmo coñeciamos que o Goberno de Sánchez recorrera a Lei do litoral de Galicia. Esa é a influencia do PSdeG sobre o seu líder: ser cómplice dos seus agravios, ou algo que sería moito peor, «a man que mece a cuna», señora Rodríguez Rumbo. Porque resulta moi sorprendente, señorías, que vostedes nos tiveran feito unha proposta de transacción, á nosa proposta de resolución, para renegociar a Lei do litoral, obviando o informe do Consello Consultivo e a autonomía de Galicia. Pretenden vostedes a transferencia dunha competencia xa recollida no Estatuto de autonomía. Dígano claro, alto e claro.

¿Vostedes son conscientes, señora Rodríguez Rumbo, de que a normativa sobre o litoral do Goberno de España ameaza catro mil edificacións costeiras, como centros de saúde, colexios, vivendas particulares, así como cen empresas da cadea mar-industria que levan décadas traballando na costa? E, a pesar de que o Estatuto de autonomía de Galicia recolle que os medios para xestionar o litoral son competencia autonómica, e que o Consello Consultivo avala, o Goberno de Sánchez négase a traspasarnos a xestión do dominio público marítimo-terrestre, que si concedeu a outras comunidades, como Cataluña ou Andalucía, iso si, cando eran socialistas, ou mesmo a Canarias. E chaman declaración de independencia a Lei do litoral, cando o único que busca é protexer a nosa costa. ¡Que curioso que un alto cargo do Goberno de España se atrevera a chamar declaración de independencia unha lei con todo o que están argallando agora. ¿Como é que lle chaman? Lei de alivio penal, ¿non? Iso non é para resolver os problemas dos independentistas, que queren a independencia. (*Aplausos*.) ¡Manda truco! E nós somos os independentistas e coa Lei do litoral pretendemos a independencia. Ben, alá vostedes, señorías.

Mire, en defensa e en respecto á Constitución española dende o Partido Popular —ben o saben vostedes— levamos unha iniciativa, unha proposta de resolución na que rexeitamos calquera proxecto que trate de romper a convivencia e destruír o valioso patrimonio que representa a condición de cidadáns libres e iguais en dereitos e obrigacións. Rexeitamos calquera negociación que, co pretexto de evitar conflitos territoriais, limite a soberanía do conxunto dos cidadáns e o exercicio dos seus dereitos. En ningún caso, señorías, queremos un goberno que recoñeza privilexios a determinados territorios e que o faga a custa doutros como Galicia.

E tampouco desexamos desigualdades no que ten que ver co financiamento autonómico, cuxo modelo debe reformarse, un modelo que ten que ter en conta as características de

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia. Necesitamos contar con recursos suficientes, señorías, porque en ningún caso imos consentir que se nos prive deses recursos a custa de darllos a Cataluña, polos intereses persoais e partidistas do señor Sánchez, darlle 450.000 millóns de euros a Cataluña para pagar a investidura de Pedro Sánchez. *(Aplausos.)* Iso implica 450.000 millóns menos para repartir entre Galicia e o resto de comunidades autónomas. Nin nolo merecemos nin imos permitir ese aldraxe, señorías. Non imos permitir que nolo quiten aos servizos fundamentais, eses servizos que vostedes din que hai que incrementar e que hai que mellorar. Pois díganos, se nos van recortar eses miles de millóns de euros, a ver como imos facer.

Pero ben, nós non imos parar, non imos parar, señoría, imos seguir dando a batalla, alí nas Cortes Xerais, cos nosos 27 representantes, 27, que lles quede claro, 27 fronte a 2 do BNG e fronte a 11 do Partido Socialista, e nesa batalla agardar contar co seu apoio, co do Partido Socialista e co do Bloque Nacionalista Galego, aínda que temos pouca confianza.

Non temos moita confianza nun PSdeG que se debe ao seu amado líder e que cada vez mostra menos preocupación polos intereses de Galicia, como acaba de demostrar a señora Rodríguez Rumbo na súa intervención, que falou de Sánchez, Sánchez, Sánchez e outra vez Sánchez. E non se pode confiar nun BNG sobre o que dende a mesma noite electoral xa dixo a señora Pontón que ían apoiar a investidura ao señor Sánchez sen nada a cambio; pero o que é peor: antonte o señor Rego reuniuse con Sánchez e dixo que, ben, parecía que a cousa ía ben. Horas despois, recurso da Lei do litoral. Moi boa intuición a do señor Rego, si señor, moi boa intuición. *(Aplausos.)*

E se falamos dos fondos europeos, nós continuamos reclamando a cogobernanza real e a xestión eficaz deses fondos europeos, para que ese financiamento poida chegar a proxectos industriais pendentes. ¡Ah!, ¿pero que propón a bancada socialista? Pois ¡home!, nós presentámoslle unha proposta de resolución e eles presentan unha transacción. ¿E na transacción que propoñen? Rexeitar o PERTE cultural, rexeitar a cogobernanza dos fondos europeos. E eu pregúntome: señora Rodríguez Rumbo, ¿de que lado están os socialistas? De Galicia, non; de Sánchez, si, que xa o vimos na súa intervención.

E agora imos falar dunha cousa da que se falou moito e que a min me gusta especialmente, señora Rodríguez Rumbo: a igualdade. ¡Que veña vostede a min a falarme, a min, porque me mencionou con nome e apelidos, de violencia machista, ¡eh!, cando levo anos traballando con mulleres vítimas de violencia, de violencia de xénero, de violencia machista, de violencia contra as mulleres! Chámelle como queira, señora Rodríguez Rumbo; o importante non é o nome, o importante é con que se dotan as institucións e as políticas públicas para protexer esas mulleres, para previr esa violencia, señora Rodríguez Rumbo. *(Aplausos.)* Déixense de slogans, déixense de palabras ocas.

Miren, Galicia avanza en feminino, e por iso a día de hoxe podemos presumir de que, grazas ás políticas postas en marcha por un goberno do Partido Popular nos últimos trece anos, en Galicia se ten reducido a fenda salarial entre homes e mulleres, ata situarnos cunha cifra mellor que o conxunto da Unión Europea, e ter unha taxa de paro feminino menor que a da media de España, señora Rodríguez Rumbo, de España.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Unha Galicia en feminino... *(Murmurios.)* Failles moita graza, máis lle vai facer o que lles vou contar agora, porque vostedes rinse moito do tema da igualdade, rinse moito. A min non me fai ningunha graza, porque mire, por desgraza, teño atendido moitas mulleres vítimas de violencia de xénero e cando gobernaba o Bipartito —voulle dicir unha cousa— ese salario da liberdade que vostedes dicían ¿sabe canta tardaban en cobralo as mulleres? Pois oito, dez meses, doce meses, quince meses. ¿Saben, señorías? Ríanse. A min non me facía ningunha graza. Non podían saír da súa casa. ¿Sabe por que? Porque ata o ano 2004, cando gobernaba o Partido Popular, o señor Aznar, ese que vostedes acusan de ultradereita, aprobou unha modificación lexislativa para entrar en vigor a orde de protección, que foi o grande impulso e o punto de inflexión para que as vítimas de violencia de xénero puidesen poñerse na súa casa e o agresor fóra e non tiveran que ir elas a casas de acollida; ¿sabe, señoría? *(Aplausos.)*

E iso si que era dramático, porque eu vivín moitas situacións nas que as vítimas ían denunciar o seu agresor ao cuartel da Garda Civil e tiñan que volver á casa e volver estar co seu agresor, e probablemente a paliza que levaran era peor que a que viñan denunciar. E foi o Partido Popular o que introduciu unha modificación da orde de protección, que puxo ao agresor fóra da casa, señorías. Ríanse. *(Aplausos.)* Esas son as medidas reais de feminismo, esas son as medidas que acaban coa violencia machista, esas son as medidas que protexen as vítimas, señoría, e non as que puxeron vostedes en marcha.

E voulles dicir a última: a famosa Lei do só si é si, que é un grave retroceso da defensa dos dereitos das mulleres. Veu aquí o señor Bará cunha oda poética a falarnos de avances de dereitos. ¿De que avances, señor Bará? ¿Deses que conseguiron vostedes votando a favor da Lei do só si é si, ese deputado que teñen en Madrid, por orde da señora Pontón, que di que é tan tan feminista?

Mire, señora Pontón, non se é feminista polo só feito de ser muller; ése feminista cando se defenden os dereitos das mulleres *(Aplausos.)*, e vostedes son cómplices da lei que máis retroceso supuxo na defensa dos dereitos das mulleres, e vostedes son cómplices e votaron en contra da modificación da Lei do só si é si, e hoxe teñen unha oportunidade, que é votar a favor dunha proposta de resolución que pide que a Xunta lles dea atención, asistencia, asesoramento e apoio ás vítimas, que ven como os seus agresores saen antes do cárcere, que ven como os seus agresores ven reducidas as súas penas. Porque esta lei, que tanto vostedes aplaudiron a bombo e platillo, que era para ir en contra da sentenza da Manada, acaba de reducir a pena a un membro da Manada, señorías. Iso a vostedes non lles importa. E cando o Partido Socialista nos ofrece unha transacción a esa proposta de resolución —vouno ler porque é absolutamente lamentable—, di: «Que só se preste apoio unha vez que o condenado estea en liberdade por ter cumprida a súa pena se así o solicita.» Pero vostedes, despois de aprobar unha lei con consecuencias nefastas e terribles para as vítimas, despois de non querer modificala, viñeron a rastras e tivo que ser o Partido Popular o que puxo o botón do «si» no Congreso dos Deputados, porque todos os seus socios da ultraesquerda votaron en contra, en contra. Grazas ao Partido Popular, señorías, mal que lles pese. *(Aplausos.)*

E agora, cando falamos de revitimización, vostedes dinnos que o apoio sexa cando saia do cárcere. Explíquenllo á vítima da Manada, que viu como o seu agresor tiña reducida a pena; explíquenllo, mírenlle á cara. Mire, señora Pontón, mírenlle á cara á vítima da Manada, mí-

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

renlle á cara, *(Murmurios.)* e miren o que di. Leva sete anos a tratamento terapéutico; iso a vostedes non lles importa.

Pero ¿que máis ten que pasar, pero que máis ten que pasar...? *(Murmurios.)* ¡Home, pero é que vostedes ofreceron onte unha transacción que é deleznable, señorías, deleznable! *(Aplausos.)* ¿Que clase de ensañamento é este coas vítimas?, ¿que clase de ensañamento é este coas vítimas?

Miren, e saben aquí cal é a única ultradereita: a que di a súa exministra a señora Valenciano *(A señora Prado del Río mostra un documento.)*: «*El PSOE está en manos de Junts, la derecha supremacista que busca fracturar España.*» ¿Esta é a ultradereita da que vostedes falan? *(Aplausos.)*

Miren, a Lei do só si é si procuraba atender ás vítimas de delitos sexuais. Pois miren, os delitos sexuais, por desgraza, están incrementándose. ¿Sabe canto se incrementaron en Galicia? Un 15,7 por cento máis na primeira parte deste ano, e vostedes permanecen impasibles ante a baixada de efectivos da Ufam.

Díxenllelo o outro día na comisión primeira: miren, a Unidade de Atención á Familia e á Muller, que é a que atende ás vítimas de agresións sexuais, tiña en Vigo, en xaneiro, 21 axentes policiais. ¿Saben cantos teñen hoxe? 11, 11, señorías. A Fiscalía está pedindo máis medios para loitar contra isto —e, mentres, co Partido Socialista, que goberna en Madrid, de quen depende a Fiscalía?, ¿de quen depende?—, está pedindo máis medios, máis medios, señoría. Iso si, ante a falta de efectivos, poñemos gardas civís virtuais no rural. Eu agardo que non fagan iso coa Ufam.

Pero miren, do mesmo xeito, señorías, que fan isto, eu pídolles que reflexionen, que reflexionen. Si, si, reflexionen, porque o negacionismo é negar recursos para loitar contra as vítimas, para loitar contra os agresores e non revitimizar as vítimas. Ese é o verdadeiro negacionismo: negar recursos, negar efectivos na Fiscalía, negar efectivos policiais; 1 policía por cada 60 mulleres vítimas, 1 policía por cada 60 mulleres vítimas, señoría.

Señora Castro, non me veña dicir vostede aquí que incrementaron en tres mil e pico axentes da Policía. *(Murmurios.)* Pois dígame entón onde están, porque na Ufam teñen a metade dos que tiñan. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede non está no turno; se a deixan falar, fale vostede, pero agora non está no seu turno.

Mire, xa llo dixen o outro día. Os datos están aí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é mentira. Pois a ver, fale vostede con quen ten que falar.

Tamén veu o outro día dicirnos que o comisario dixera no inicio do curso xudicial que había menos delitos. Pero, claro, esqueceuse de dicir que o delegado do Goberno —non o breve, ¡eh!, o breve foi ese que durou setenta días, o outro, o que teñen agora, que o nomeou tamén Pedro Sánchez, ese que é tan bo— dixo que se tiñan incrementado os delitos de agresións sexuais, señoría. Iso vostede non o escoitou, debía de estar pois a outra cousa.

Ben, eu espero que impere a cordura e que voten a favor desta resolución, e que deixen a un lado ese discurso, absurdo, de que a culpa é dos xuíces fachas. Houbo unha deputada do Blo-

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que Nacionalista Galego que nesta tribuna dixo que as consecuencias da Lei do só si é si eran por culpa dos xuíces fachas. Non, a culpa de que coa Lei do só si é si haxa agresores sexuais e violadores na rúa é do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, que apoiaron unha lei que os pon na rúa *(Aplausos.)*, e non dos xuíces, e non dos xuíces, señorías.

Eu lamento que a vostedes lles... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xusto. Un exemplo: os rapaces e rapazas que hoxe nos están vendo teñen que saber que, efectivamente, hai políticas públicas que protexen as mulleres, hai políticas públicas que impulsan a igualdade, hai políticas públicas que poñen recursos para atender ás vítimas de violencia de xénero, as vítimas de agresións sexuais, e logo hai outras medidas, como é a aprobación dunha lei que dixeron que era para reducir as agresións sexuais e para subirlles a condena aos agresores sexuais, e o que conseguiu esa lei foi poñer na rúa antes de tempo e sacar do cárcere pederastas, violadores e agresores sexuais. E iso non me cansarei de dicilo, que foi grazas ao Goberno socialista de Madrid, que aprobou esa lei, e ao Bloque Nacionalista Galego, que votou «si» a esa lei. *(Aplausos.)*

Pero —o que é máis grave—, unha vez que se sabían as consecuencias —eu digo nefastas, vostedes din indesexadas; non eran indesexadas; estaban advertidos— nefastas desa lei, o Partido Popular presentou unha lei para modificala e volver á situación anterior, e ¿que votou o Bloque Nacionalista Galego? Que non. Non quixeron modificar esa lei. E pesará sobre as súas conciencias, señorías, pesará sobre as súas conciencias *(Aplausos.)*; 1.200 agresores sexuais con rebaixa de pena e 120 que saíron do cárcere antes de tempo.

E Galicia tamén avanza para ofrecer un mellor lugar no que nacer e no que facerse maior, cos mellores servizos e con máis oportunidades, e por iso dende o Partido Popular cremos que a familia é un dos eixos sobre os que teñen que xirar as políticas do Goberno galego, dende a sanidade, dende a educación, dende as políticas fiscais e as políticas sociais.

Miren, a subida dos prezos nas familias que van á compra todos os días está supoñendo un problema para chegar a fin de mes. Unha das nosas propostas é reducir o IVE da carne, do peixe e das conservas, non só para as familias senón tamén porque son sectores estratéxicos da nosa Comunidade Autónoma.

Ademais, temos as escolas infantís de 0 a 3 anos que xa son gratuítas en Galicia, e que pedimos que o Goberno de España tamén financie, porque ese incremento púxonos como a primeira comunidade autónoma en escolarización de nenos de 0 a 3 anos. E a gran proposta do BNG é que sexan todas públicas. Ben, non sei a onde levan os seus fillos, se os levan a públicas ou privadas; pero algunhas privadas, ¿que queren?, ¿pechalas?, ou ¿que queren facer con elas? Señorías, non sabemos moi ben cal é a proposta do BNG; ¿pechar as escolas infantís que a día de hoxe todas son gratuítas para todos os galegos e as galegas, señorías?

Vostedes ven todo en negro, ven unha Galicia en negro, ven unha Galicia pois gris, escura. Pero non, nós seguiremos traballando por esa Galicia amable, por esa Galicia familiar. E por iso facilitamos os trámites para a obtención da Tarxeta Benvida, que axuda con ata 3.000 euros a cada familia, e tramitar e axilizar a tramitación do carné de familia numerosa. Eu alégrome de que o señor Bará o vexa como unha medida positiva; foi o único positivo que

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

veu, señor Bará, pero, claro, porque lle afectaba a vostede. Pero vostede... *(Murmurios.)* Non, agora xa non lle afecta, claro, xa non lle afecta, lamentablemente. Pero ben, vostede é consciente de que era unha necesidade facelo, e agora que o facemos, critícannos. Ben, sinceramente, non o entendo moi ben.

Pero, nunha proposta que levamos como concesión automática, ¿que propón o Partido Socialista? Pois na transacción que nos ofrece complícao máis, porque di que, ademais, tramitación presencial, telemática e telefónica. Mire, señora Rodríguez Rumbo, eu recoméndolle que plantexen esa solución para os trámites ante a Seguridade Social, que tantos problemas está dando. Porque o Goberno de España non é consciente de que todas esas citas da Seguridade Social que non están dando pois están plantexando moitísimos problemas para xestionar unha pensión ou para solventar outro trámite. Pero mire, nós o que estamos é axilizando, non burocratizando, como pretende vostede.

Sumamos o Bono Deporte —que tampouco lles gustou—, que achegará a todas as familias un bono de 120 euros para axudar a que os rapaces e rapazas poidan comprar o seu material deportivo para facer deporte.

Dicía o señor Bará que non tiñamos propostas en materia de xuventude. Si, señor Bará. Mire, as taxas universitarias en Galicia son as máis baixas de España; e ¿sabe que votaban vostedes, ano tras ano, a iso? En contra, en contra. Pregúntelle a calquera familia que teña un ou dous fillos na universidade se agradecen ou non que en Galicia as taxas universitarias sexan as máis baratas de España, grazas ao Partido Popular, non ao Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

E por non falar da política de vivenda, que sabe que levamos que o 20 por cento que teñen que darlles aos mozos pois tamén... *(Murmurios.)*, non sei, vostedes... Despois explicareille cal é a súa política de vivenda, que agora non teño tempo.

Pero vostedes din que trituramos o sistema educativo. Pero, imos ver, se o Informe PISA di que somos os primeiros en competencias globais, os primeiros en competencia científica. ¿Que dirán vostedes dos seus socios cataláns? Non son capaces de recoñecer os datos positivos da nosa educación pública, dos seus docentes.

Ou como a sanidade, da que vostedes trituran o seu prestixio.

Ao igual que o idioma. En Galicia fálase de xeito cordial o galego e o castelán. ¿Que queren volver, á época do Bipartito, onde obrigaban a todo o mundo a utilizar o galego, onde obrigaban a rotular os comercios en galego, onde obrigaban nas aulas a que todos os rapaces falasen en galego? *(Murmurios.)* ¡Ah!, Bloque e PSOE, os dous, proposta de resolución: cargarse o Decreto do plurilingüismo, señorías; esa é a medida do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* E nós non queremos que a lingua sexa unha arma arroxadiza, queremos que a lingua nos una, que a lingua en Galicia a fale quen queira. *(Aplausos.)* Quen queira falar galego, que fale galego; quen queira falar castelán, que o fale. Esa cordialidade que levamos vivindo en Galicia. E non as imposicións do nacionalismo de que todo o mundo fale galego, para darlles carnés de bos e malos galegos. Non, señor Bará, eses tempos terminaron. E por

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

iso foi unha das cousas polas que perderon as eleccións no Bipartito, e por outras moitas máis.

Nós seguiremos ampliando a oferta de formación profesional, que tampouco lles gusta; un 85,83 por cento máis de matriculados que no ano 2009, cando vostedes gobernaban, señorías.

E nós temos que seguir loitando por ter máis recursos, e pídolles que reclamen ao Goberno de España, que, igual que son tan vehementes reclamando ao Goberno da Xunta cousas, reclamen con vehemencia ao Goberno de España que dunha vez por todas financie o 50 por cento da Lei da dependencia, *(Aplausos.)* porque está a Xunta de Galicia asumindo o 70 por cento. Señorías, ¡xa está ben, xa está ben! E nós seguiremos contribuíndo a incrementar os recursos para os nosos maiores en Galicia, e sumar 1.200 euros para as persoas con dependencia, que os empreguen nunha residencia da súa elección, e 5.000 euros para os galegos e galegas con dependencia que son atendidos nos seus fogares.

Galicia non para, nin para os máis novos nin para os maiores, e así o ven os galegos e as galegas. Pero para vostedes ¿que é iso? Propaganda. Pois non, señorías, son medidas reais e efectivas, que chegan a cada fogar, a cada familia, e pensando nas súas necesidades, non en intereses partidistas nin en investiduras para o señor Sánchez. A ver se a señora Rodríguez Rumbo agora, na súa segunda intervención, nos fala algo de Galicia e menos de Sánchez.

Moitísimas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Visitan hoxe o Parlamento e nos acompañan na tribuna os alumnos de 3º e 4º de primaria do Centro Plurilingüe Sagrado Corazón, do Carballiño, da provincia de Ourense. Benvidos ao Parlamento e tamén a súa profesora que os acompaña.

Continuamos coa rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios respecto das propostas dos demais grupos.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Tamén aproveito para saudar as persoas que hoxe nos visitan nesta cámara.

A verdade, señora Paula Prado, véxoa hoxe moi nerviosa, excesivamente nerviosa. Eu quérolle recordar que, por máis que grite, non vai convencer máis as persoas; con argumentos, con ideas e con evidencias, pero non con berros. Non creo que sexa a mellor maneira de convencer a ninguén. *(Aplausos.)* Vostede o que pasa é que con esa intervención agresiva e de berros o que evidencia é o que xa eu manifestaba na miña primeira intervención: que o que

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ten o Goberno galego é un discurso baleiro e que non existe un proxecto de país para Galicia, para Galicia, ¡para Galicia! *(Aplausos.)*

E mire, señora Paula, adiquei practicamente boa parte da miña intervención a falar das propostas de resolución que nós presentamos, e invitándoos a vostedes, ao Partido Popular, a que voten a favor delas. Polo tanto, non intente distorsionar o que ademais aquí queda gravado e calquera pode ver.

Vostede veu aquí agora facer unha representación dunha obra de teatro e vese que aos deputados e deputadas do Partido Popular, igual que aos conselleiros e conselleiras, gustoulles moito, porque lles faltou poñerse de pé e aplaudiron con bastante contundencia. Pois mire, señora Prado del Río, nós non vemos nestas propostas de resolución que presenta o Partido Popular... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei se a conselleira quere falar, señor presidente,...

O señor PRESIDENTE: Perdoe, é que estaba... Non sei que pasou alí na tribuna...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¡Ah!, vale.

O señor PRESIDENTE: Non estaba atento agora a iso. É que non sei que pasou na tribuna. Nada grave.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Xa a interpelaremos, señora conselleira, cando sexa oportuno, pero agora é... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ben, é soamente... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...por dicilo. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)*

Está no uso da palabra a señora Rodríguez Rumbo.

Silencio, señora Prado. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Señora Prado, silencio! *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Vostede xa falou. *(Murmurios.)*

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Iso.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Entón, silencio. *(Murmurios.)* Non interrompa agora tampouco o debate. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Será compensado o seu tempo, señora Rodríguez Rumbo.

Silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Mire, señora Prado, vólvolle insistir en que vostede se ve bastante nerviosa e durante media hora que estivo vostede aquí pois non profundou en ningunha medida, en ningunha proposta de resolución presentada polo Partido Popular que incida na mellora da vida das persoas nin nos sectores produtivos do noso país; *(Murmurios.)* non, en ningunha, en ningunha, señora Prado.

E mire, cando vostede di que non importa o nome de violencia machista, eu insístolle: si, é moi importante, e vólvolle dicir —repita comigo—: violencia machista, ¡violencia machista! *(Aplausos.)* É moi importante.

E miren, vostedes, en cuestións de igualdade e de loita contra a violencia machista, aos socialistas, ningunha lección, absolutamente ningunha lección. Voulle recordar as declaracións, as últimas, unha delas do señor Feijóo cando falaba de «divorcio duro», *(Aplausos.)* para non falar de violencia machista. ¡Violencia machista! Repítao, unha e outra vez.

E tamén lle quero recordar que a primeira lei contra a violencia machista foi aprobada polo presidente socialista Rodríguez Zapatero. *(Aplausos.)* Así que lecciónes de igualdade e de loita contra a violencia machista, ningunha, ¡ningunha! E este partido político, cada vez que se trae unha medida para axudar as vítimas de violencia machista, votamos sempre a favor, ¡sempre a favor! Si, señora Prado, si, sempre a favor. *(Murmurios.)* En fin. Eu, sen máis.

Outra das cuestións das que vostede falaba sobre o tema do Consello do Estado, que acaba de ditar unha resolución de inconstitucionalidade para decretar inconstitucional a lei aprobada polo Goberno galego. Pois mire, voulle recordar, señora Paula Prado, que a día de hoxe en Galicia non hai ningunha instalación, ningunha empresa do sector mar-industria que corra perigo pola normativa estatal. Todas as prórrogas de concesións solicitadas foron autorizadas polo Goberno estatal. *(Murmurios.)* Por moito máis que vostede diga mentiras, a que mente é vostede, *(Aplausos.)* ¡é vostede! Non están en risco. *(Murmurios.)* Señora conselleira, cando queira, interpelámola e vén aquí e respóndenos. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Agora mesmo estou eu no uso da palabra e pídolle, por favor, que me respecte. Se non lle gusta o que lle digo, porque non lle gustan as verdades, síntoo.

Non están en risco os postos de emprego da cadea mar-industria da nosa Comunidade. Se o PP e a Xunta xogan con lume e intentan cambiar unilateralmente as regras de xogo, poden provocar inseguridade xurídica. Os socialistas pedímoslles que volvan á vía do diálogo e que serán benvidos. Se queren ter as competencias en materia de ordenación do litoral, hai unha vía legal e segura, e que levamos reivindicando dende hai moito tempo dende o PSdeG, e aí estaremos. A vergonza é de vostedes, porque vostedes o único que intentan é contrapoñer contra o Goberno do Estado, o único obxectivo do Goberno galego do Partido Popular é con-

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

frontar co Goberno de Pedro Sánchez *(Aplausos.)* e esconder as súas eivas, a súa falta de xestión... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor, señora vicepresidenta, non está vostede no uso da palabra. Pídolle, por favor, que respecte a quen está no uso da palabra.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, presidente.

O único que intentan é iso, obviar para que ninguén se entere da súa falta de xestión, da súa confrontación e de que vostedes non saben xestionar e non saben negociar. Polo tanto, lecciónns, ningunhas.

Miren, os socialistas traemos —e xa o dixen na primeira intervención— corenta propostas de resolución para mellorar a vida das persoas, dos galegos e das galegas, protexendo as familias, con medidas de redistribución da riqueza, promovendo as condicións máis favorables para o progreso social e económico, establecendo unha asignación equitativa dos recursos públicos, garantindo a igualdade efectiva e real entre homes e mulleres, traballando con medidas coas que se podería traballar para acadar unha cohesión social e territorial e buscando unha sanidade pública, universal e de calidade e unha educación pública, universal, gratuíta e de calidade.

E o mesmo coa política social, atendendo aos nosos maiores e atendendo tamén á nosa xuventude, estando ao lado dos concellos, todos eses olvidados totalmente nas propostas de resolución do Partido Popular.

E nas nosas propostas de resolución tamén buscamos unha nova planificación da actividade económica; garantir a transición ecolóxica, facendo unha xestión eficiente dos recursos e respectando o medio; garantir a transición dixital; posicionarnos como rexión estratéxica, cun novo plan eólico galego que atenda e respecte as características do noso territorio onde se pretendan instalar parques eólicos e que os seus beneficios revertan na mellora da vida das persoas, do tecido produtivo e do terreo alí onde se implanten, no que se favoreza a instalación de empresas que conten con PPA, con enerxía producida en Galicia. E fomentar o uso de enerxías renovables, a mellora da eficiencia e o autoconsumo enerxético nos sectores públicos, nas empresas e nas vivendas. Un cambio no noso sistema produtivo, no noso país, aproveitando os fondos europeos, eses recursos extraordinarios e únicos, como son os Next Generation, os REpower e o resto dos fondos que veñen de Europa.

Quérolles recordar, señores e señoras do Partido Popular, que a triste realidade da sangría demográfica no noso país é das máis preocupantes de todo o Estado. Dende o 2009 perdemos máis de cento cinco mil habitantes; pero é que non é só iso, señores e señoras do Partido Popular e señora Prado del Río, é que temos catrocentos vinte e dous mil menores menos de vinte anos, hoxe, dos que había en 2009, e o saldo vexetativo en Galicia é dos peores de todas as comunidades autónomas. Polo tanto, póñanse a traballar. Mire: *(A señora Rodríguez Rumbo amosa un documento á Cámara que procede a ler.) «La salida de jóvenes gallegos a trabajar a otras comunidades aumenta un quince por cien»*. ¿Sabe por que? Porque os xoves no noso país, por desgraza, aínda que están formados, non poden desenvolver en Galicia o seu proxecto vital

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porque esta Xunta de Galicia non lles facilita e non favorece esas condicións para que o poidan facer. *(Aplausos.)*

Nós presentamos unha proposta, na cal instamos a executar inmediatamente esas medidas previstas na Lei de impulso demográfico de Galicia, xa que —como dixen o outro día— soamente con que estean escritas no papel non teñen incidencia, e, polo tanto, hai que executalas —si, señora conselleira: hai que executalas— e a acordar coa Fegamp un Plan de reequilibrio territorial que atenda ás potencialidades, ás necesidades e ás singularidades dos trescentos trece concellos galegos, co fin de establecer un plan de acción, con medidas, orzamentos e con calendario. Mire —xa por último—, señora Paula Prado del Río —volvo repetir—, a transferencia da AP-9 tróuxena dúas veces porque unha lla deixei ao presidente —¿vale?—, pero a outra *(A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento ao resto da Cámara.)* voulla deixar para que lla facilite a vostede; e, ademais, o documento completo para que non teña ningunha dúbida e para que llelo traslade a todos os deputados e deputadas do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Déamo a min outra vez, que llo paso eu.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: *(A señora Rodríguez Rumbo procede a ler o documento referido.)* 14 de setembro: «*Comunicando la disconformidad del Gobierno respecto de la toma de consideración de la posición de la Ley orgánica de transferencia de la titularidad y las competencias de la AP-9 a la Comunidad Autónoma de Galicia, presentada por el Parlamento de Galicia*», no cal nós tamén votamos a favor. Firmado Ana María Pastor Julián, presidenta do Congreso dos Deputados —como vostede ben sabe—, do Partido Popular; así que, lecciónns, vostedes, ningunha.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Véxoa alterada, enfadada e botando broncas, señora Prado del Río. Debe ser que non lle vai tan ben ao Partido Popular con este nerviosismo que vostede manifestou aquí. Debería ir máis de canas co señor Rueda e relaxar un pouco. *(Aplausos.)* Ademais, vostede, aquí, hoxe, deixou como un moderado o señor Pazos, con esta intervención —¡que xa é dicir; xa é mérito!—, señora Prado.

Mire, eu voulle dar un consello; un consello desde a experiencia. Eu son un enfermo crónico desde hai trece anos, e o consello que lle quero dar é: máis serotonina e menos cortisol.

O señor PRESIDENTE: ¡Eh!, ¡Non, non, non, coidado!

(O señor Bará Torres vírase cara ao señor presidente.)

O señor BARÁ TORRES: Non, non, non é nada... ¡Non!

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Bueno, xa sabe que non me gustan esas...

O señor BARÁ TORRES: Non, non estou falando de medicación nin de nada...

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Pero, perdoe, voullo explicar eu.

A serotonina ten que ver coa saúde mental.

(Unha señora deputada: ¡¿Como que, ho?!*)*

¡Si, home, si!

O señor BARÁ TORRES: Non, ademais, é un, digamos...

O señor PRESIDENTE: ¡Si!, a serotonina é liberada pola glándula pineal e pode provocar, nun momento determinado, depresións. *(Murmurios.)*

Ben, eu non...

O señor BARÁ TORRES: Bueno, bueno, bueno...

Ben, en todo caso...,

O señor PRESIDENTE: ¡Vamos!, quero dicir que a min non me gusta; a min particularmente non me gusta.

O señor BARÁ TORRES: ...é un consello xeral, dígoo desde a experiencia; desde a experiencia. *(Murmurios.)* Reláxense e —digamos— potencien a serotonina, que nos irá a todos moito mellor, xa que o cortisol se relaciona co estrés.

¡Claro!, isto recórdame aquela frase, que xa citei outras veces, que lle dicía o intelectual galego Arturo Cuadrado a Paco Lores —non sei se coñeceron Paco Lores—, ese histórico dirixente da emigración arxentina en Bos Aires, que era do Grove, e tiña un temperamento moi visceral, moi volcánico. Dicíalle Arturo Cuadrado: «*No te enojes, Paco, diviértete*». E eu creo que este é un bo consello; así que, vaian de canas e teñan menos broncas e menos enfados, menos discurso alterado e menos nerviosismo, porque, ¡claro!, o nerviosismo tamén se ve nesa fixación, nesa obsesión que teñen vostedes con Ana Pontón. *(Murmurios.)* E que é a manifestación do que lles preocupa, do que lles ocupa o liderado de Ana Pontón, isto é, o feito de que sexa a líder mellor valorada deste país; *(Aplausos.)* que foi a líder que puxo o BNG aí onde está, como a segunda forza política e subindo, e aspirando a dirixir e liderar este país. Isto é o que lles preocupa a vostedes —iso—: o carisma, que xa quererían vostedes un un por cento do carisma. *(Murmurios.)* Si, si, si...

Miren, até lles molestou o título do libro; *(Risos.) (Murmurios.)* molestoulles a portada do libro de Ana Pontón —a biografía—; *(Murmurios.)* molestoulles a vostedes. *(Risos.)* ¡Claro!,

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o que pasa é que vostedes non teñen quen lles escriba; ese é o problema. *(Risos.)* Entón, debe ser que teñen envexa. Entón, a ver se tamén se anima alguén a escribirlles unha biografía do seu líder —cando ao mellor haxa máis motivo—.

Miren, ningunha lección, señora Prado del Río, sobre o compromiso do BNG co feminismo, que foi a forza política que máis pelexou e que máis dereitos conquistou para as mulleres neste país desde o Goberno, e tamén desde a oposición, promovendo leis desde a oposición; *(Aplausos.)* ningunha lección de vostedes que recortaron as axudas ás vítimas da violencia machista no peor momento, durante a crise. Por certo, o salario da liberdade, ¿quen o creou?; ¿que Goberno o creou? Un Goberno en que estaba o BNG á fronte do Departamento de Igualdade *(Aplausos.)* —¡Si, o BNG!—. Entón, non veñan darnos ningunha lección sobre isto. Vostedes, que eliminaron os puntos de información ás mulleres; vostedes, que pactan con Vox, os que están en contra dos dereitos das mulleres. Vostedes veñen darnos lecciónns aquí; ¡ningunha lección ao BNG! *(Aplausos.)* Ademais, vostedes van votar aquí en contra dunha proposta do BNG para que se destine o un por cento do orzamento precisamente para loitar contra a violencia machista. Señora Prado, ningunha lección do Partido Popular.

Miren, sobre as proposicións do Partido Popular, a maior parte son declaracións absolutamente vagas que serían admisíbeis se fosen propostas por unha ONG ou se fosen propostas dun Parlamento escolar —que ás veces se reúnen; veñen aquí e reúnense no Parlamento escolar e propoñen declaracións ben intencionadas, buenistas—, pero é que vostedes son o Goberno deste país. Levan catorce anos gobernando e véñennos agora con declaracións de intencións sen ningún compromiso, sen ningún orzamento. Isto non é serio, non é serio, é máis propio dun Goberno «happy flower» ou dun Goberno «hakuna matata», que realmente é o que parecen vostedes cando traen estas propostas aquí. *(Murmurios.)* Ningún problema.

O problema é que vostedes son un Goberno descabezado, un Goberno descoordinado, un Goberno paralizado, un Goberno sen pulso, sen impulso e sen enerxía; é que o vemos a diario. Nin sequera falan entre uns e outros, cambian as consellerías e paralizan os proxectos; paralizan as leis porque teñen que estudalas. *(Murmurios.)* Teñen toda a tramitación lexislativa absolutamente paralizada: anunciaron un plan no ano 2021 e o sesenta por cento desas leis están sen aprobar. É así, tal cal.

E despois, ¡claro!, que veñan aquí presumir, cando teñen o nivel de execución orzamentaria que teñen, que demostra que son un Goberno que está nas últimas, que ten o depósito xa baleiro, que non chega ao final, que lle custa moito chegar ao final. Miren, vou dar uns exemplos: formación profesional, desempregados, ano 2022, oitenta e dous millóns sen executar —oitenta e dous millóns de euros sen executar—; fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda, setenta e tres millóns; diversificación do tecido produtivo rural —unha gran prioridade deste país—, sesenta e oito millóns sen executar; fomento da empregabilidade —outra gran necesidade—, cincuenta e catro millóns sen executar; eficiencia enerxética e enerxías renovábeis, cincuenta e catro millóns; acceso á vivenda, corenta e sete millóns. E chegan ao punto de facer unha redución nas partidas porque non as dan executado e, despois, deixan sen executar xa as reducidas á metade do orzamento. Son un Goberno absolutamente paralizado, en *stand-by*, que non ten ideas, nin proxecto, nin enerxía para levar adiante este país; polo tanto, por aí, mal.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, énchense vostedes a boca de falar de igualdade, a igualdade de todos os españois e españolas ante a lei. ¡Claro!, e teñen vostedes tamén unha fixación con Cataluña. Vostedes teñen mala memoria, entón, voulles facer un recordatorio sobre Cataluña: ¿recordan o señor Aznar? Foi presidente de España a partir do ano 1996. ¿Recordan aquilo que dicían?: «*¡Pujol, enano, habla castellano!*», que despois se converteu en: «*¡Pujol, guaperas, habla como quieras!*». ¿Recordan?; ¿recordan aquilo? Pois iso fíxoo o Partido Popular, que aprobou até quince indultos de presos de Terra Lliure —unha organización que vostedes saberán a que se dedicaba—, que eliminou nada máis e nada menos que os gobernadores civís, que eliminou a Garda Civil de tráfico das estradas de Cataluña, e que agora se escandalizan porque se quere que Galiza teña esa competencia, cando vostedes eliminaron a Garda Civil.

Vostedes teñen mala memoria. *(Murmurios.) (O señor Bará Torres mostra un documento ao resto da Cámara.)* Miren, ¿onde estaban o señor Rueda e o señor Feijóo cando o señor Rajoy anunciaba investimentos de catro mil douscentos millóns para Cataluña, até o ano 2020, no ano 2017?; ¿onde estaban? Calando, aplaudindo; polo tanto, credibilidade, cero, señor Rueda. Credibilidade, cero. *(Aplausos.)*

Vostedes preocúpanse moito pola igualdade e, despois, fan todo o contrario, porque hai moitas maneiras de entender a igualdade. A min preocúpame, a nós preocúpanos, por exemplo, a desigualdade ou a falta de igualdade da que se beneficia Madrid —a Comunidade de Madrid—, que é un auténtico paraíso fiscal que absorbe, que é unha aspiradora de recursos do Estado, que é unha aspiradora de xente nova deste país que ten que marchar porque aquí non ten oportunidades, e a vostedes esa desigualdade non lles preocupa; non lles preocupa todo do que se beneficia Madrid dun modelo centralista, xa para non falar das infraestruturas. Vostedes falan moito de igualdade pero, por exemplo, non só non lles preocupa, senón que aproban rebaixas fiscais aos millonarios —iso si que é ir en contra da igualdade— ou aproban tamén unha amnistía fiscal para os defraudadores fiscais, como fixo o señor Montoro, gobernando o Partido Popular, e vostedes aplaudían este tipo de medidas. Isto é o que lles preocupa a vostedes a igualdade.

A igualdade ou a desigualdade é isto, é isto, (*O señor Bará Torres amosa unha gráfica ao resto da Cámara.*) o que vén nesta gráfica, con gobernos do Partido Popular nos últimos anos: como medran as rendas do capital, cada vez máis, e como diminúen as rendas do traballo. Esta é a desigualdade que nos preocupa a nós e que potencia o Partido Popular.

Miren, quero facer unha referencia tamén á nosa posición sobre unha proposta que transaccionaron os dous grupos, xa que nos parece que merece unha reflexión moral, unha reflexión tamén ética, que ten que ir máis alá de controversias. Nós posicionámonos contra a dobre moral; a dobre moral de quen condena os ataques e a violencia de Hamás contra civís e se nega a condenar o terrorismo do Estado de Israel; de quen mira para o outro lado diante do sufrimento do pobo palestino, do pobo de Gaza, convertida nun xigantesco campo de concentración; de quen xustifica a absoluta deshumanización do adversario; de quen condena os ataques ao pobo de Israel —a matanza de vítimas inocentes— e se nega a condenar os masacres continuados cometidos polo exército de Israel durante anos contra o pobo palestino.

¿Ou é que as vítimas civís de Gaza non contan?; ¿os nenos e as nenas de Gaza non sofren? Parece que nos queren facer pensar que a poboación de Gaza morre, como vítimas colaterais,

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mentres que a poboación de Israel é asasinada. Por iso o BNG propuxo un acordo sobre esta materia, sobre o que vostedes nin sequera quixeron falar; non querían un acordo, querían outra cousa. Isto parécenos que é unha ruindade; que non é o que merece un Parlamento coma este, no cal temos que falar dos asuntos de Galiza, e en todo caso, chegar tamén a acordos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...sobre asuntos de carácter internacional desta gravidade, como o que está acontecendo en Gaza, como o que está acontecendo en Palestina e en Israel. E por iso xa anunciamos que non imos votar esta proposta, e que fixemos outra que vou ler, se me permite o presidente, e que é a seguinte:

«O Parlamento acorda demandar ao Goberno galego que impulse a Axenda internacional de Galiza, tamén o incremento do investimento co fin de chegar ao 0,7 por cento, así como amosar a consternación pola situación na Franxa de Gaza, onde Israel acabou coa vida de ao redor de dúas mil persoas, condenando o uso da violencia, tanto a levada a cabo por Hamás como a que leva exercendo Israel desde hai décadas, e instando a comunidade internacional para evitar a escalada de violencia e o cumprimento das resolucións que a ONU vén aprobando desde 1967...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...a prol dunha solución dialogada e pacífica que elimine calquera acto de violencia.»

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará. Terminou o seu tempo, grazas.

O señor BARÁ TORRES: Vostedes non quixeron aprobar este acordo.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, lamento que non lle guste o meu ton, pero eu non insultei ninguén, como fixo vostede, que parece que di que ten mellor ton, pero chamounos «macarras». Eu prefiro ter un ton vehemente antes que un ton insultador, como o que tivo vostede. *(Aplausos.)*

Mire, señora Rodríguez Rumbo, o seu voto aquí non vale nada; e, ¿sabe por que non vale nada? Porque despois chegan a Madrid e Pedro Sánchez lles di que voten outra cousa.

Mire, canto á proposta de transacción de onte —a min dáme igual que vostede ensine aquí papeis do 17, do 20, do 22—; onte a súa proposta de transacción, respecto da transferencia

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da AP-9 dicía: *(A señora Prado del Río le unha parte da proposta de transacción.)* «creando, para iso, un fondo ao que a Comunidade Autónoma de Galicia contribuirá cunha cantidade similar á que achega a Administración do Estado». É o que eu dixen hoxe aquí: pretenden que a Comunidade Autónoma cofinancie unha autoestrada nacional. ¿Porque? por cumprirlle os intereses a Pedro Sánchez. *(Aplausos.)*

Señora Rodríguez Rumbo, vostedes apoiaban a Lei do litoral: *(A señora Prado del Río mostra, ao resto da Cámara, un documento que contén unha fotografía.)* «*el PSdeG anuncia su apoyo a la Ley del litoral que el gobierno considera anticonstitucional*», ata que o delegado do Goberno, Besteiro, *el breve* —setenta días—, dixo que non; dixo que Sánchez non a apoia. Entón, agora como vostedes están máis na liña de Besteiro que na liga de Formoso, que está a ver se se presenta Besteiro, «sálvame Messi que eu non quero ser» —entón agora, como están na liña de Besteiro— e Besteiro está na de Sánchez, agora están en contra da Lei do litoral; unha lei, por certo, señorías, a cal vostedes presentaron cero emendas —¡cero!—. *(Aplausos.)* E, como vostede estaba preocupada, xa que non tiña a información, mire señora Rodríguez Rumbo: *(A señora Prado del Río le un documento que mostra ao resto da Cámara.)* «*Costas obstaculiza la supervivencia de la planta acuícola,* a ostreira do Grove, en Pontevedra». ¿Non tiña esta información ou non a quería ter? Pois agora xa a ten, e xa non pode dicir que non o sabía.

Señor Bará, moitas grazas pola publicidade que nos fai da campaña de «Galicia non para». Cando queira pode pasar por alí; se quere lle damos as datas do autobús e pasa por alí, que o invitamos a unha cana. *(Aplausos.)* Iso si, a respecto da publicidade que nos fai, non nos pase despois a factura por ela. A verdade é que non gastamos nada en publicidade porque xa se encargan vostedes de promocionala.

Mire, eu non lle vou recomendar ningunha medicación, nin que se automedique nin tampouco que medique ninguén; para iso xa están os profesionais da saúde, ¿vale, señor Bará? E mire, eu espero que teñan mellores receitas para Galicia das que vostede nos dá aquí.

Di vostede aquí que non nos gustou a biografía da señora Pontón; eu aínda non a lin. Eu quedei no *Asasinato no Consello Nacional*, de Diego Ameixeiras; ese si que o lin con atención. *(Murmurios.)* E a señora Pontón aí non quedaba moi ben parada. Di vostede que hai que ter un motivo para ter unha unha biografía; pois si, eu non teño motivo, non levo vinte anos de oposición. A verdade é que lamento profundamente non estar na liga da señora Pontón, señor Bará; *(Aplausos.)* non estou. Mire, di vostede que escolleron, que o BNG escolleu a señora Pontón. Eu non lin a biografía, pero si que lin unha reseña nun periódico, en que a señora Pontón dicía que o BNG a escolleu para enterrar o BNG. ¡Coidado!, ¿eh?, ¡coidado! Despois, a cousa saíu un pouco mellor, pero, en realidade, ela dixo que o BNG non era feminista e que non estaba preparado para que o dirixise unha muller. Non a elixiron porque fose unha muller; elixírona, precisamente, porque, como era muller, «non vale para nada; imos poñela aí para que enterre o BNG». *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home!, é o que dixo ela: ela dixo que a escolleran para enterrar o BNG; non o dixen eu. Está nos medios de comunicación, *(Murmurios.)* pero, bueno —insisto—, non temos aínda o mérito de estar vinte anos na oposición.

Pero, entón, imos confrontar os modelos da señora da esperanza —da esperanza que vostedes teñen— e do que fan vostedes cando entran a gobernar, porque ela dixo: «Quero ser presi-

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

denta». Supoño que será para facer o mesmo que fan os seus alcaldes e alcaldesas alí onde gobernan; e, ¿que fan? Pois miren, subíronse os soldos alí onde entraron a gobernar: un vinte e un por cento máis na Deputación da Coruña, ou, en Tomiño, onde a súa alcaldesa incrementou nun vinte e cinco por cento o seu soldo, ou para converter o Concello de Santiago nun sultanato aumentaron case o dobre de asesores con seis concelleiros que os que tiña o Partido Socialista con dez, con máis do dobre de altos cargos, pasando de cinco a once direccións de área. Estamos falando de incrementar máis do cento vinte por cento o número de altos cargos, que pasan de catro a once, cun salario de setenta e cinco mil euros, isto é, seis mil euros ao mes. Van gañar máis que un conselleiro os directores de área do Bloque Nacionalista Galego de Santiago. Incrementaron o número de asesores, de oito a catorce, é dicir, un setenta e cinco por cento. É un sultanato de máis de trinta amigos do BNG no Concello de Santiago; por tanto, ¿que non fará a señora Pontón se é presidenta de Galicia, señorías? *(Aplausos.)*

¡E, claro!, como a alcaldesa está preocupada en subirse o soldo, en subirse o número de asesores sen nomear directores de área e todas esas cousas, non se entera de que os veciños de Santiago piden parques canís; ¡Non, non se enterou, aínda, señora alcaldesa! Díganllo. *(Murmurios.)* E vostede vén aquí rir do pipican. ¡Claro! Rían, rían, porque a señora alcaldesa aínda non se enterou.

Pero mire, tanto que se veu rir aquí fale co seu compañeiro de Monforte porque esta noticia é de setembro: *(A señora Prado del Río mostra un documento, que contén unha nova, ao resto da Cámara.)* «*El BNG retoma su propuesta de una zona verde para perros en Monforte, tras las ameazas de posibles multas*» ¡Ai!, en Monforte o BNG si que quere un canil, *(Murmurios.)* pero se o propón o Partido Popular é un riso —¡é un riso!—; ¡bueno!, pois sigan rindo, señores do BNG, sigan rindo.

Mire, señor Bará, as leis hai que estudalas. A vostede parécelle mal que nós dediquemos tempo para estudar as leis para evitar que pase o que pasou coa lei do só si é si, que, por non estudala e por non valorar os informes do Consello Xeral do Poder Xudicial e por non escoitar os profesionais que sabían diso, pasou o que pasou e o que xa lle dixen antes.

E, mire, non intente dicirnos, como o intentou antes, que abandonabamos o rural: cero propostas para o rural dos grupos da oposición, señorías. Imos tamén confrontar modelos alí onde gobernan: a primeira medida que tomou o seu anterior vicevoceiro, o señor Manuel Lorenzo, alcalde de Soutomaior, foi eliminar os servizos sociais do rural de Soutomaior e centralizalos no centro. ¡Oia!, está ben que saquen a careta, está ben que saquen a careta, xa que ao BNG non lle importa absolutamente nada o rural.

E se falamos de calquera cousa, sacamos os mantras: comodín de recortes, comodín de privatización. Cando non hai argumentos, cando non teñen argumentos de peso, cando non hai datos que sexan capaces de confrontar os datos en positivo do Goberno da Xunta de Galicia, sacamos o comodín dos recortes. Se en sanidade recortásemos tanto como teñen dito vostedes, e do que nos acusan ano tras anos, no día de hoxe non quedaría nin un euro nas partidas orzamentarias; máis ben, estariamos en números vermellos. Mire, ¿sabe que foi o único que se recortou en Galicia estes anos, señor Torrado? Os escanos do Partido Socialista; iso si que se recortou. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire —voulles dicir—, onde gobernan vostedes préstanse os servizos a través de contratos e de concesións; onde máis é en Pontevedra, onde goberna o Partido do Bloque Nacionalista Galego, que tanto fala de privatizacións, pero, despois, onde goberna todos son contratos privados. O mesmo luns, o señor Álvarez falou de residencias con supervisión pública; non falou de residencias públicas, ¿por que? Porque falaba das residencias da Deputación de Lugo, onde gobernan xuntos PSOE e BNG.

E despois veñen vostedes aquí falarme, señor Bará, dar clases e a falar de negacionismo da violencia de xénero. Mire, ¿sabe que é o negacionismo? Vostedes non foron capaces, e a súa lideresa vai de feminista porque cre que por ser muller xa se é feminista —¡non!, ése feminista se se defenden os dereitos das mulleres—. *(A señora Prado del Río mostra, ao resto da Cámara, un documento que contén o recorte dunha nova.)* E aínda non lle pediron a acta de concelleira a esta concelleira do BNG, que dixo esta frase, «Ni el bebé quere ser su hijo», cando sufriu un aborto espontáneo a presidenta da Comunidade de Madrid, a señora Ayuso. Non todo vale, señorías, non todo vale. *(Aplausos.)*

Insisto, señor Bará, vostede acaba de equiparar un grupo terrorista, como é Hamás, coa única democracia estable naquela zona. *(Murmurios.)* Na madrugada deste domingo Hamás perpetrou un dos peores ataques terroristas da historia. Durante a madrugada foron casa por casa, buscando familias xudías para matar todos os seus membros, asasinaron centos de persoas inocentes, masacraron mozos asistentes a un festival, violaron mulleres, secuestraron centos de persoas, e mesmo, como está a coñecer todo o mundo, decapitaron bebés. Esa equidistancia, señor Bará... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* entre vítimas e verdugos... Mutilaron homes, violaron mulleres, asasinaron mulleres, decapitaron bebés. ¡Si, señorías!, esa equidistancia entre vítimas e verdugos, esa tibieza ante a violencia, esa brúxula moral infalible que teñen vostedes... que hoxe non vaian apoiar esa proposta de resolución pesará sobre a súa conciencia.

Moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación das propostas de resolución. Imos ter que facer vinte e catro votacións.

¿Si, perdón? Primeiro vou explicar e despois se tal, ao mellor —digo eu, por se ten que ver— arréglase co que explico aquí. Entón, primeiro imos votar as propostas de resolución transaccionadas; despois votariamos as propostas, que se pide que se separen, do Grupo Parlamentario Socialista, logo as do Bloque Nacionalista Galego e por último as do Grupo Parlamentario Popular.

Agora si; se hai algunha dúbida. ¿Si?

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si, de parte do Grupo Parlamentario do BNG, advertimos de dous erros nas votacións agrupadas. ¿Dígolle agora xa?

O señor PRESIDENTE: Pois si.

¿Nas transacionadas?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nas agrupadas, no seguinte bloque.

O señor PRESIDENTE: ¿Nas agrupadas?, ¡ah!, ¿nas agrupadas? A ver, si.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si. En primeiro lugar, nas agrupacións do BNG, este grupo solicitou votar separadamente a nosa propia número 20, que no guión non aparece singularizada.

O señor PRESIDENTE: Si, eu téñoo aquí.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nós, no último que nos pasaron, non a temos.

(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)

A número 20 separada aparece agrupada con outras propostas.

O señor PRESIDENTE: Imos ver, o letrado di..., pero eu teño aquí incluída a número 20, ¿non?

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA (Prado Cores): Si, pero queren votala por separado.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Claro, nós pedimos votar separadamente, en soidade, a número 20.

O señor PRESIDENTE: Quérese separar das que xa estaban separadas...

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si.

O señor PRESIDENTE: ...porque, claro, xa estaban separadas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: É que esa separación o BNG non a solicitou.

O señor PRESIDENTE: Hai tres grupos, ¿quérela votar soa?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si. Vale.

O señor PRESIDENTE: E este cambio, ¿de cando é?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: De onte, ás dez e vinte da noite, cando solicitamos esa separación.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Vale, pois entón aquí hai un erro.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: No tempo e na forma.

O señor PRESIDENTE: Vale, e ¿cal é a outra?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E despois, en segundo lugar, nas agrupacións do Partido Popular, no último guión enviado aparecen agrupadas as números 29, 23 e 9, e nós solicitaramos separar, dunha banda, a 9 e a 23, e, doutra banda, a 29.

En resumo, pedimos que a número 29 se vote singularizadamente e non agrupada coa 9 e a 23.

O señor PRESIDENTE: Vale. Moi ben.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ¿Si?

O señor PRESIDENTE: Si.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas.

O señor PRESIDENTE: Vale, grazas.

(O señor presidente diríxese a outro membro da Mesa.)

¿Isto é así correcto? Vale.

Votación das propostas de resolución transaccionadas

O señor PRESIDENTE: Comezamos.

En primeiro lugar, imos votar as propostas de resolución transaccionadas. A primeira é unha proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, verbo da proposta de resolución número 34 do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 34 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposta de transacción —que é unha proposta de resolución, evidentemente— entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, verbo da proposta de resolución número 6 do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 6 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a resolución resultante da transacción entre o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario Socialista verbo das propostas de resolución número 34 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e a número 15 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Votamos.

Votación do texto transaccionado sobre as propostas de resolución número 34 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e a número 15 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade o texto transaccionado destas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo das propostas de resolución número 3 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e número 2 do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado sobre as propostas de resolución número 3 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e número 2 do G. P. Popular de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade o texto transaccionado destas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario Socialista e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 35 do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 35 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Bueno, eu votei —non sei— a ultima hora; eu voto afirmativo. *(Murmurios.) (Risos.)* Pero falta alguén máis tamén. Bueno, son setenta e tres e votan afirmativamente os setenta e tres. Resolvémolo rápido.

Votamos agora a proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 8 do Grupo Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 8 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 60; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular verbo da proposta de resolución número 26 do Grupo Parlamentario Popular.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votamos.

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 26 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular verbo da proposta de resolución número 13 do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 13 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; votos en contra, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular verbo da proposta de resolución número 2 do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado sobre a proposta de resolución número 2 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Non hai votación, non podo contabilizalo como nada. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non sei, non me constou ningunha votación.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA (Prado Cores): Na sala seguen sendo setenta e dous, ¿eh?

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Bueno. ¡Si, dixen, dixen! Dixen setenta e dous, ¿eh? Non, non. Aquí ponmo mal, ponmo mal, pero teño que corrixilo: hai 73 na sala, e votan afirmativamente 55, e non votan os outros.

¡Correcto!

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. dos Socialistas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Bueno, continuamos coas solicitudes de agrupación das propostas. Neste caso, coa votación por separado das propostas de resolución. Comezamos votando as do Grupo Parlamentario Socialista. Primeiro, a proposta de resolución número 18.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 18 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 42; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos as propostas de resolución números —atentos porque, se non, poden vir as confusións— 3, 16, 27 e 29.

Votamos.

Votación das propostas de resolución 3, 16, 27 e 29 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 42; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución números 1, da 4 á 15, a 17, da 19 á 26, a 28, e da 30 á 40.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 1, da 4 á 15, 17, da 19 á 26, 28, e da 30 á 40 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego

O señor PRESIDENTE: Agora votamos as propostas separadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Comezamos votando as propostas de resolución números 12, 29 e 30.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 12, 29 e 30 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 42; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos as propostas de resolución números 1, 18, 19, 26, 28 e 40.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 1, 18, 19, 26, 28 e 40 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 55.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución números 2, da 4 á 11, da 13 á 17, 25, 27 (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*); ¡perdón!, da 21 á 25. Si, porque a 20 vai por separado, 27, 31 á 33, 35 á 39.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 2, da 4 á 11, da 13 á 17, da 21 á 25, a 27, da 31 á 33, e da 35 á 39 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposta de resolución número 20.

Votación da proposta de resolución número 20 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución presentadas polo G. P. Popular de Galicia

O señor PRESIDENTE: Agora votamos as do Grupo Parlamentario Popular. Comezamos votando a proposta de resolución número 40.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución números 9 e 23.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 9 e 23 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; abstencións, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposta número 29.

Votamos.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA (Prado Cores): 12 e 29.

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón?

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA (Prado Cores): 12 e 29.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Non, pero pedíronme separar a 29.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Pedíronme separar a 29.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Entón, vai só a 29.

¿Votaron todos? Eu non, ao ter que falar...

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A ver, temos que repetir isto; agora non collín eu a mecánica aquí.

Vamos ver, votamos agora a proposta de resolución número 29; ¿era a que votabamos, non? Si.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 29 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 60; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposta de resolución número 12.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 12 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 60; votos en contra, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución números 20 e 25.

Votamos.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das propostas de resolución números 20 e 25 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 13; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos as propostas de resolución números 30 e 31.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 30 e 31 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 18; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos as propostas de resolución números 3, 5, 16, 17 e 22.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 3, 5, 16, 17 e 22 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; votos en contra, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos as propostas de resolución números 7, 11, 19, 33 e 38.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 7, 11, 19, 33 e 38 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos as propostas de resolución números 10, 14, 32, 36, 37 e 39.

Votamos.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das propostas de resolución números 10, 14, 32, 36, 37 e 39 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución números 1, 4, 18, 21, 24, 27 e 28.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 1, 4, 18, 21, 24, 27 e 28 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Remata aquí o pleno de hoxe e tamén o debate do estado da Autonomía.

Bo día.

Remata a sesión á unha e cincuenta e dous minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-qshmK6yHA-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/